

3.- Factores de crecemento

3.1.- O capital humano

A mellora do nivel educativo medio dun territorio constitúe un activo fundamental para acadar niveis elevados de competitividade. Neste senso, no presente apartado analizaremos a situación e evolución dos aspectos formativos do ensino de réxime xeral, especial e dos niveis educativos superiores en Ferrol e na súa área de influencia.

Ensino de réxime xeral

Dentro das ensinanzas de réxime xeral inclúense a educación infantil, a educación primaria, a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensino universitario. Tamén están contempladas a adecuación destas ensinanzas ao alumnado con necesidades educativas especiais, a educación a distancia para o alumnado que no pode asistir de modo regular a un centro docente e a educación das persoas adultas.

Unha das limitacións na análise do ámbito educativo deriva da escaseza de datos estatísticos municipais, cando máis a partir do

ano 2013, inclusive, só se dispón de datos estatísticos de alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos. De xeito xeral, os principais indicadores de centros, alumnos e profesorado, amosan a existencia na área analizada de 98 centros de ensinanza non universitaria, dos que 76 son centros públicos. O número de profesores da área que exercen en centros de titularidade pública son 2.080 e os alumnos matriculados en centros de réxime xeral públicos na área analizada son 20.152, o 7% do total galego e o 16% do total da provincia de A Coruña.

O profesorado de ensinanzas non universitarias en centros sostidos con fondos públicos descende levemente nos tres últimos anos na área de Ferrol, acadando, tal como se sinala anteriormente, as 2.080 persoas, o que supón en torno a 22 profesores por centro público, inferior á rateo media en Galicia, que se sitúa en 25 profesores por centro de titularidade pública.

O número de alumnos de réxime xeral ma-

Centros e profesorado na ensinanza non universitaria 2008-15: Ferrol e a súa área de influencia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015 (1)
Centros	107	105	101	99	98	98	98	98
Centros públicos	83	81	79	77	76	76	76	76
Centros privados	24	24	22	22	22	22	22	22
Profesorado (2)	2.294	2.275	2.270	2.202	2.133	2.091	2.086	2.080
Unidades en funcionamento (3)	1.456	1.417	1.387	1.371	1.344	1.020	1.034	1.016

(1) datos provisionais

(2) os datos só representan o profesorado en centros de titularidade pública

(3) a partir do ano 2013, os datos representan as unidades de funcionamento en centros de titularidade pública

Fonte: IGE

3.1.1.

Alumnado (1) na ensinanza non universitaria (2) 2008-15: Ferrol e a súa área de influencia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015 (1)
Alumnos	18.954	19.043	19.160	19.341	19.485	19.649	19.733	19.814
Infantil	4.286	4.433	4.545	4.600	4.703	4.681	4.600	4.480
Primaria	8.387	8.529	8.623	8.770	8.912	9.100	9.210	9.385
ESO	6.281	6.081	5.992	5.971	5.870	5.868	5.923	5.949


(1) non se inclúen outros niveis xa que non se dispón de datos polo cambio de metodoloxía estatística

(2) A partir do ano 2013, inclusive, por secreto estatístico só se proporcionan datos de alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos

Fonte: IGE

3.1.2.

Ensino de réxime xeral 2009-15: principais indicadores (1)



(1) A partir do ano 2013, inclusive, por secreto estatístico só se proporcionan datos de alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos

Fonte: IGE

3.1.3.

Informe sobre FERROL e a súa área

Alumnado matriculado en centros de réxime xeral públicos, curso 2014-15: distribución segundo sexo e nivel de ensinanza ⁽¹⁾

	Galicia			A Coruña			Ferrol e a súa área de influencia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	288.399	150.700	137.699	123.419	64.845	58.574	20.152	10.791	9.361
Educación infantil	45.839	23.912	21.927	20.043	10.458	9.585	2.997	1.584	1.413
Educación primaria	94.956	49.247	45.709	40.335	20.944	19.391	6.148	3.241	2.907
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	62.294	31.701	30.593	26.087	13.252	12.835	4.176	2.100	2.076
Bacharelato ordinario	25.824	11.960	13.864	10.405	4.951	5.454	1.962	937	1.025
Formación profesional básica	1.767	1.308	459	696	488	208	181	101	80
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	12.895	8.482	4.413	5.582	3.755	1.827	1.356	824	532
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	14.633	8.252	6.381	6.570	3.764	2.806	1.244	750	494
Programas de cualificación profesional inicial	1.693	1.251	442	654	480	174	106	83	23
Bacharelato de adultos	7.542	3.747	3.795	4.322	2.152	2.170	573	292	281
Ciclos formativos de grao medio adultos	6.437	3.139	3.298	2.867	1.531	1.336	552	369	183
Ciclos formativos de grao superior adultos	7.058	3.348	3.710	3.177	1.555	1.622	261	191	70
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	6.844	3.939	2.905	2.448	1.363	1.085	539	275	264
Educación especial	617	414	203	233	152	81	57	44	13

(1) datos provisionais depurados
Fonte: IGE

3.1.4.

Centros públicos plurilingües: distribución segundo tipo de centro

	Total	Centros públicos	Centros privados sostidos con fondos públicos
Área influencia de Ferrol	16	8	8
Fene	2	1	1
Ferrol	8	1	7
Monfero	1	1	0
Narón	1	1	0
Pontedeume	1	1	0
As Pontes	3	3	0
Galicia	257	131	126

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

3.1.5.

triculados en centros de réxime xeral públicos no curso 2014/15 en Ferrol e na súa área de influencia foi de 20.152, o que supón 9,7 alumnos por profesor nestes centros, por debaixo da rateo galega para o dito curso, que foi de 10,1 alumnos por profesor en centros de titularidade pública.

En relación ao curso anterior, o número de alumnos de educación Infantil, Primaria e ESO medra levemente na área de Ferrol (81 alumnos máis), consecuencia do incremento de alumnos de primaria (175 máis) e de ESO (26 máis), que compensan a caída de alumnos matriculados en educación infantil (120 menos).

Dous aspectos a ter en conta á hora de analizar os centros educativos de réxime xeral son o do ensino de inglés e o da consolidación das novas tecnoloxías. Dunha banda, dezaseis centros de Ferrol e a súa área de influencia solicitaron entrar a formar parte da rede de centros plurilingües, dos que oito son centros privados sostidos con fondos públicos e os outros oito son centros públicos. Tal e como se desprende dos datos recollidos no **cadro 3.1.5.**, estes centros representan o 6,2% dos centros plurilingües de Galicia, porcentaxe inferior ao peso relativo dos centros educativos da área (6,9%). Comparado coa situación nas outras grandes cidades de Galicia, o concello de Ferrol,

Oferta educativa de FP do réxime ordinario 2016-17: grao profesional básico ⁽¹⁾

Cedeira	
Electricidade e electrónica	20 prazas
Servizos comerciais	20 prazas
Fene	
Fabricación e montaxe	20 prazas
Mantemento de vehículos	20 prazas
Ferrol	
Electricidade e electrónica	20 prazas
Informática de oficina	20 prazas
Artes gráficas	20 prazas
Peiteado e estética	20 prazas
Narón	
Carpintaría e moble	20 prazas
Electricidade e electrónica	20 prazas
Servizos administrativos	40 prazas
Ortigueira	
Carpintaría e moble	20 prazas
Pontedeume	
Cociña e restauración	20 prazas
As Pontes de García Rodríguez	
Informática de oficina	20 prazas

(1) oferta en centros sostidos con fondos públicos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 3.1.6.

con oito centros plurilingües, sitúase por diante de Pontevedra e Lugo, con seis centros destas características cada unha.

Doutra, no que atinxe á consolidación das novas tecnoloxías en centros sostidos con fondos públicos a través do novo Plan Abalar, no ano 2016 completouse a dixitalización dos cursos 5º e 6º de Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e Bacharelato.

En relación aos estudos de Formación Profesional, no curso 2014/2015 un total de 181 alumnos están matriculados na formación profesional básica, 1.356 alumnos nos ciclos formativos ordinarios de grao medio, e 1.244 alumnos no ciclo formativo superior ordinario (**cadro 3.1.4.**).

Os **cadros 3.1.6.** e **3.1.7.** recollen a oferta de estudos de formación profesional inicial en centros sostidos con fondos públicos polo réxime ordinario no curso 2016-17, de grao básico, medio e superior. Esta oferta incrementase coa presenza de seis centros privados que imparten a súa docencia en Ferrol

(tres centros), Mugardos, Narón e Pontedeume.

Finalmente, cómpre facer mención aos centros educativos que contan con servizos de comedor e transporte, xa que estes servizos inciden de xeito directo no ámbito da conciliación da vida familiar e laboral. No curso 2015-16 había un total de 43 centros públicos que ofertaban o servizo de transporte, o 5,5% dos centros públicos galegos que ofrecen este servizo, e 38 centros públicos que contaban con servizo de comedor (5,5% dos centros galegos con comedor) dos que 17 eran xestionados directamente polos propios centros e 8 xestionados indirectamente (por persoal de empresa).

Ensino de réxime especial

Como ensinanzas de réxime especial recóllense as ensinanzas artísticas, as de idiomas e as deportivas.

Nos concellos de Ferrol e a súa área de influencia hai un total de seis centros que im-

Informe sobre FERROL e a súa área

Oferta educativa de FP do réxime ordinario 2016-17: graos medio e superior ⁽¹⁾

	Grao medio	Grao superior
Cedeira	Actividades comerciais Instalacións eléctricas e automáticas Mantemento electromecánico	Administración e Finanzas Mecatrónica industrial
Fene	Electromecánica de vehículos automóbiles Mantemento electromecánico Instalacións frigoríficas e de climatización Soldadura e caldeiraría	
Ferrol	Carpintaría e moble Carrozaría Electromecánica de vehículos automóbiles Instalación e amoblamento Instalacións de telecomunicacións Instalacións eléctricas e automáticas Mecanizado Soldadura e caldeiraría Actividades comerciais Sistemas microinformáticos e redes Xestión administrativa Operacións de laboratorio Atención a persoas en situación de dependencia Coidados auxiliares de enfermaría Farmacia e parafarmacia Impresión en artes gráficas Preimpresión dixital Estética e beleza Peiteado e cosmética capilar Vídeo disc-jockey e son	Automatización e robótica industrial Automoción Construcións metálicas Deseño e fabricación mecánica Educación infantil Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica Mantemento electrónico Sistemas de telecomunicacións e informáticos Sistemas electrotécnicos e automatizados Administración de sistemas informáticos en rede Administración e finanzas Animación de actividades físicas e deportivas Asistencia á dirección Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma Guía, información e asistencia turísticas Proxectos de edificación Xestión de vendas e espazos comerciais Secretariado Xestión comercial e marketing Química ambiental Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia Hixiene bucodental Laboratorio clínico e biomédico Estética integral e benestar Organización do mantemento de maquinaria de busques e embarcacións Transporte marítimo e pesca de altura
Mugardos	Xestión administrativa	
Narón	Xestión administrativa	Administración e finanzas
Ortigueira	Carpintaría e moble	
Pontedeume	Cociña e gastronomía Panadería, repostería e confeitaría Servizos en restauración	Dirección de cociña Dirección de servizos de restauración
As Pontes de García Rodríguez	Electromecánica de vehículos automóbiles Sistemas microinformáticos e redes	Mantemento electrónico Laboratorio de análise e de control de calidade

(1) oferta en centros sostidos con fondos públicos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 3.1.7.

Oferta educativa de FP 2015-16 en centros de titularidade privada

Ferrol	
Grao medio	Soldadura e caldeiraría Estética persoal decorativa
Grao superior	Construcións metálicas Educación e control ambiental Peiteado e cosmética Estética e beleza
Mugardos	
Grao medio	Xestión administrativa
Narón	
FP básica	Servizos administrativos
Pontedeume	
Grao medio	Comercio Xestión administrativa

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

3.1.8.

Centros públicos con servizos de transporte e de comedor no curso 2015-16: distribución segundo modalidades de xestión ⁽¹⁾

	Transporte	Servizo de comedor				Outros (concello, deputación...)
		Total	xestión directa	xestión indirecta	xestión das ANPAS	
Área influencia de Ferrol	43	38	17	8	3	10
Ares	1	1	1	-	-	-
Cedeira	2	1	1	-	-	-
Fene	5	3	-	1	2	-
Ferrol	6	13	3	2	-	8
Moeche	1	1	1	-	-	-
Mugardos	3	2	-	-	-	2
Narón	4	4	-	4	-	-
Neda	3	-	-	-	-	-
San Sadurniño	1	1	1	-	-	-
As Somozas	1	1	1	-	-	-
Valdovíño	1	1	1	-	-	-
Cariño	2	-	-	-	-	-
Cerdido	1	1	1	-	-	-
Mañón	1	1	1	-	-	-
Ortigueira	2	2	1	1	-	-
Cabanas	1	1	1	-	-	-
A Capela	1	1	1	-	-	-
Monfero	1	1	1	-	-	-
Pontedeume	4	2	1	-	1	-
As Pontes	2	1	1	-	-	-
Galicia	784	630	290	135	145	60

(1) datos provisionais depurados

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

3.1.9.

parten algunha das disciplinas englobadas dentro deste réxime: os conservatorios de música profesional de San Xiao en Ferrol e o de As Pontes, que imparten ensinanzas elementais e profesionais de música, as escolas municipais de música de Mugardos, Ortigueira e A Capela, onde se cursan estu-

dos non regrados de música, e a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol.

No concernente ao ensino nos centros da Escola Oficial de Idiomas, a EOI de Ferrol, ademais da súa sede central, ten dúas seccións nos concellos de Cedeira e As Pontes

Informe sobre FERROL e a súa área

Centros de ensino de réxime especial no curso 2015-16: distribución segundo ensino

	Total	Arte dramática	Artes plásticas e deseño	Conservación e restauración bens culturais	Danza	Idiomas	Música	Ensinanzas técnico deportivas
Área influencia de Ferrol	6	-	-	-	-	1	5	-
Ferrol	2					1	1	
Mugardos	1						1	
A Capela	1						1	
As Pontes	1						1	
Ortigueira	1						1	
A Coruña	59	0	2	0	6	6	44	1
Galicia	130	1	9	1	10	20	149	7

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

3.1.10.

Alumnos das Escolas Oficiais de Idiomas: distribución segundo idiomas

Alumnos da EOI Ferrol

	2008/2009	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016
						(1)	(1)	(1)
Total	1.617	1.824	1.883	2.182	2.585	2.756	2.562	2.253
Alemán	105	140	130	228	326	334	271	203
Chino	-	-	-	1	-	-	-	-
Francés	195	229	273	286	325	340	320	260
Inglés	1.089	1.185	1.209	1.404	1.615	1.760	1.689	1.489
Italiano	97	141	148	129	144	171	165	154
Portugués	52	72	80	98	131	118	107	90
Galego	79	57	43	36	44	33	30	57

Alumnos EOI galegas

	2008/2009	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016
						(1)	(1)	(1)
Total	24.716	25.902	29.664	32.087	34.077	33.643	33.740	30.328
Alemán	1.526	1.670	1.878	2.528	2.941	2.920	2.604	2.210
Árabe	126	114	133	144	137	112	126	116
Español	451	357	458	481	374	251	238	263
Chino	283	283	278	339	465	476	421	353
Francés	3.442	3.619	3.880	4.054	4.396	4.229	3.973	3.443
Galego	813	516	776	464	412	390	419	504
Inglés	15.634	16.797	19.427	21.045	22.077	22.141	22.824	20.366
Italiano	1.484	1.545	1.669	1.725	1.792	1.680	1.576	1.484
Portugués	762	786	946	1.099	1.260	1.203	1.118	1.116
Ruso	65	64	74	71	84	87	84	66
Xaponés	130	151	145	137	139	154	357	407

(1) datos provisionais depurados

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

3.1.11.

de García Rodríguez. Mentres que nestas dúas seccións tan só está presente o inglés no último curso, na sede central de Ferrol impártense no curso 2015-16 un total de seis idiomas: inglés, francés, alemán, italiano, galego e portugués.

A pesar do descenso nos dous últimos cursos, ao longo dos últimos cinco anos o número de alumnos medrou nun 3,3%, acadando no curso actual un total de 2.253 persoas. O inglés é o idioma que conta cun maior número de alumnos, con 1.489, seguido polo francés e o alemán, con 260 e

Alumnos do Centro de Linguas do campus de Ferrol 2011-15: distribución segundo idiomas

	Total	2011/12	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16
Total	1.727	565	514	303	211	134
Español para estranxeiros	89	6	23	23	16	21
Alemán	266	149	86	16	10	5
Francés	110	32	23	25	13	17
Inglés	1.032	305	310	191	155	71
Italiano	163	59	44	36	11	13
Portugués	67	14	28	12	6	7

Fonte: Universidade da Coruña

■ 3.1.12.

203, respectivamente. Fronte ao descenso do 5,5% experimentado no conxunto da Comunidade Autónoma, a medra na EOI de Ferrol supón que o peso relativo do número de alumnos no total galego pasou dende o 6,8% do curso 2011-12 ata o 7,4% do curso 2015-16.

Xunto a esta actividade formativa da EOI, na Escola de Linguas da Universidade de A Coruña, no seu campus de Ferrol (**cadro 3.1.12.**), impártense clases de inglés, alemán, francés, portugués e italiano. No curso 2015-16 o número total de alumnos ascendía a 134, dos que o 53% asistía a clases de inglés (71 alumnos) e o 15,7%, a clases de español para estranxeiros.

Ensino universitario

Á hora de analizar a formación universitaria cómpre facer referencia a que a Universidade de A Coruña (UDC) ten un campus na cidade de Ferrol, caracterizándose a súa oferta educativa por unha orientación científico-tecnolóxica. Con dita orientación, o pasado mes de xullo de 2016, presentouse o Campus Industrial de Ferrol, que ten como principal obxectivo, segundo consta no seu Plan Estratéxico, o de proporcionar formación en actividades ligadas aos sectores naval e industrial, así como a investigación, desenvolvemento e transferencia do coñecemento producido.

Na primeira fase de implantación do Campus Industrial, 2016-2017, o investimento previsto é de 1,3 millóns de euros, para a posta en funcionamento das actuacións que deberán completarse no ano 2020.

Actualmente, o Campus de Ferrol ten seis centros: a Escola Universitaria Politécnica, a Facultade de Enfermaría e Podoloxía, a Escola Politécnica Superior, a Facultade de Ciencias do Traballo, a Facultade de Humanidades e Documentación e a Escola Universitaria de Deseño Industrial.

No Campus de Ferrol, tal como reflicte o **cadro 3.1.13.**, impártense 14 títulos de grao, 8 mestrados e nove programas de doutoramento. En concreto, nove dos catroce graos impartidos no curso 2015/16 pertencen ao ámbito da enxeñaría e arquitectura. Asemade, neste ámbito poden cursarse catro mestrados universitarios e seis programas oficiais de doutoramento.

Ao igual que o conxunto das universidades españolas e do sistema universitario galego, o campus de Ferrol volveu a presentar un descenso do seu alumnado, acadando no curso 2014-15 un total de 2.121 alumnos, o 4,3% dos universitarios en Galicia.

Dende o curso 2011/2012 ata o último curso con datos dispoñibles que é o 2014/2015, o campus de Ferrol perdeu un 23% dos alumnos matriculados en 1º, 2º ciclo e graos, un

Informe sobre FERROL e a súa área

Oferta de graos, mestrados e programas de doutoramento no Campus de Ferrol no curso 2015-16

Ámbito	Grao	Mestrado Universitario	Programa de doutoramento
Arte e Humanidades	Humanidades	Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	Lóxica e Filosofía da Ciencia
	Información e Documentación		Sociedade de coñecemento: novas perspectivas en documentación, comunicación e humanidade
Ciencias		Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía	Física Aplicada (1)
Ciencias da Saúde	Enfermería		
	Podoloxía		
Ciencias sociais e xurídicas	Relacións Laborais e Recursos Humanos	Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	
		Xestión e Dirección Laboral	
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	Enxeñaría Industrial	Enerxía e Propulsión Mariña
	Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría Naval e Oceánica	Enxeñaría Naval e Industrial
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Fotónica e Tecnoloxías do Láser	Láser, Fotónica e Visión
	Enxeñaría Mecánica		Enxeñaría Industrial
	Enxeñaría Naval e Oceánica	Loxística e Transporte (título propio)	Fotónica e Tecnoloxías do Láser (1)
	Arquitectura Naval		Tecnoloxías Navais e Oceánicas
	Enxeñaría de Propulsión e Servizos do Buque		
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais		
	Simultaneidade de Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica		

(1) Interuniversitario

Fonte: Universidade da Coruña

3.1.13.

Alumnos matriculados e titulados no campus de Ferrol

	Alumnos matriculados				Alumnos titulados		
	2012	2013	2014	2015	2012	2013	2014
Total campus	2.742	2.736	2.539	2.121	386	448	404
Artes e humanidades	120	106	97	94	20	23	18
Licenciatura en Humanidades	20	9	2	-	7	6	2
Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	12	8	2	-	3	4	1
Licenciatura en Documentación (2º ciclo)	32	18	13	6	10	7	7
Grao en Humanidades	36	44	50	55	-	5	4
Grao en Información e Documentación	20	27	30	33	-	1	4
Ciencias da saúde	369	419	414	444	46	101	72
Diplomatura en Enfermería	35	12	1	-	15	9	1
Diplomatura en Podoloxía	23	4	1	-	15	2	-
Grao en Enfermería	187	245	250	261	16	63	49
Grao en Podoloxía	124	158	162	183	-	27	22
Tecnolóxico	2.074	2.025	1.835	1.389	284	296	283
Enxeñaría Técnica Naval	170	124	85	59	21	32	18
Enxeñaría Técnica de Deseño Industrial	120	50	16	-	54	29	8
Enxeñaría Técnica Industrial	540	412	292	180	93	85	84
Enxeñaría Industrial	212	159	111	77	37	32	24
Enxeñaría Naval e Oceánica	181	161	127	99	15	25	22
Grao en Arquitectura Naval	64	92	79	-	-	-	9
Grao en Enx. de Propulsión e Servizos do Buque	28	50	48	35	-	-	2
Grao en Enx. do Deseño Industrial e Desenvolvemento de Productos	272	308	319	335	63	56	47
Grao en Enx. Eléctrica	168	218	226	177	1	22	44
Grao en Enx. Electrónica Industrial e Automática	99	178	207	210	-	15	18
Grao en Enx. en Tecnoloxías Industriais	111	131	149	-	-	-	2
Grao en Enx. Mecánica	109	142	150	159	-	-	5
Grao en Enx. Naval e Oceánica	-	-	26	58	-	-	-
Ciencias sociais e xurídicas	179	186	193	194	36	28	31
Diplomatura en Relacións Laborais	32	18	12	-	6	4	6
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	147	168	181	194	30	24	25
UDC	19.591	19.667	18.073	16.798	2.629	3.014	2.906
USC	24.998	23.797	22.836	21.711	3.855	4.129	4.051
Uvigo	18.448	18.666	18.444	16.813	2.628	2.807	3.046

(1) alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo e graos

(2) os datos de un ano correspóndense co do curso académico que remata nese ano

Fonte: IGE

3.1.14.

Persoal docente no Campus de Ferrol no curso 2015-16

	Campus de Ferrol		Total UDC
	mulleres	total persoal	
Persoal funcionario	38	117	627
Catedrático de universidade	1	12	125
Profesor titular de universidade	18	49	361
Catedrático de escola universitaria	6	10	28
Profesor titular interino de escola universitaria	0	0	1
Profesor titular de escola universitaria	13	46	86
Profesor do INEF Galicia	0	0	22
Profesor interino E.O. Náutica	0	0	1
Profesor numerario E.O. Náutica	0	0	3
Persoal contratado	51	123	568
Profesor Axudante LOU	0	0	2
Profesor axudante doutor	2	6	50
Profesor contratado doutor	20	41	168
Profesor colaborador	3	11	42
Profesor asociado	7	33	117
Profesor asociado tipo 1	9	15	35
Profesor asociado tipo 3 substitución	0	2	5
Profesor emérito	0	0	1
Lector de idiomas	0	0	6
Profesor contratado interino substitución	10	15	141
Profesor asociado CC. Da saúde	0	0	1

Fonte: Universidade da Coruña

■ 3.1.15.

descenso de matriculacións moi superior ao rexistrado na UDC (-14%), na USC (-13%) ou na UVigo (-9%). sendo o que rexistra a segunda caída máis importante, por detrás da USC cun descenso do 12% nas súas matrículas. A UDC te un 6,3% menos de alumnos matriculados e a UVigo, un 5,2% menos.

Atendendo á evolución seguida nas diferentes ramas de ensino no campus de Ferrol, o **cadro 3.1.14.** amosa a perda de alumnos matriculados entre os cursos 2011/12 e 2014/15, como consecuencia da perda de matriculados nas ramas tecnolóxicas, e de artes e humanidades, compensada polo incremento de alumnos matriculados en ciencias da saúde e en ciencias sociais e xurídicas.

O persoal docente e investigador, **cadro 3.1.15.**, ascendía no curso 2015-16 a 240 persoas, o que representa o 20,1% do total da UDC. Aproximadamente a metade do persoal docente pertencente ao corpo de

funcionarios, sendo esta porcentaxe inferior ao rateo na UDC (52,5%) Tal e como se desprende do dito **cadro 3.1.15.**, o 37,1% do seu persoal docente investigador son mulleres.

Formación para o emprego

No ano 2015 en Ferrol e na súa área de influencia, convocáronse 101 cursos no ámbito da formación profesional para persoas empregadas e desempregadas, cunha capacidade de 1.515 alumnos e un orzamento de 2,8 millóns de euros (**cadros 3.1.16. e 3.1.17.**).

As Accións Formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD) enmárcanse dentro das políticas activas de emprego, e consisten en ofertar cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de incrementar a súa cualificación e facilitar a integración no mercado laboral. No ano 2015 en Ferrol e na súa área programáronse 62 cursos, aos que

Informe sobre FERROL e a súa área

Accións formativas desempregados (AFD) 2014-15

	Cursos		Alumnos		Importe	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Neda	1	1	15	15	46.254,7	24.131,3
AFD medios propios	1	1	15	15	46.254,7	24.131,3
Ferrol	54	51	809	765	2.534.344,3	2.277.704,9
AFD menores 30	7	-	105	-	60.715,0	-
AFD sen compromiso	9	12	135	180	541.390,9	538.027,5
Iniciativa privada (AFP)	1	-	15	-	-	-
FSE desempregados	10	6	149	90	393.225,0	169.186,5
AFD medios propios	27	26	405	390	1.539.013,5	1.509.404,9
Activación Empleo (PAE)	-	7	-	105	-	61.086,0
Narón	8	6	120	90	476.882,1	172.431,0
AFD sen compromiso	8	4	120	60	476.882,1	172.431,0
Iniciativa privada (AFP)	-	2	-	30	-	-
Fene	2	2	30	30	93.230,1	66.298,5
AFD sen compromiso	2	2	30	30	93.230,1	66.298,5
Cedeira	2	2	30	30	126.558,1	94.731,7
AFD sen compromiso	1	-	15	-	61.953,0	-
AFD medios propios	1	1	15	15	64.605,1	65.634,7
Activación Empleo (PAE)	-	1	-	15	-	29.097,0
Total	67	62	1.004	930	3.277.269	2.635.297

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

■ 3.1.16.

Accións formativas ocupados 2015

	Cursos	Alumnos	Importe
Ferrol	28	397	167.540
Narón	9	158	43.440
Fene	1	12	4.800
Valdoviño	1	18	4.212
Total	39	585	219.992

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

■ 3.1.17.

asistiron 930 alumnos, que contaron cun orzamento de 2,6 millóns de euros. Máis do 80% dos cursos e alumnos destas accións están localizados no concello de Ferrol, así como o 86% do orzamento total da área. Os restantes concellos onde se imparten cursos son Narón (8 cursos e 90 alumnos), Fene (2 cursos e 30 alumnos), Cedeira (2 cursos e 30 alumnos) e Neda (1 curso e 15 alumnos).

No que respecta á formación profesional dirixida prioritariamente a persoas ocupadas, esta ten por finalidade dotar aos beneficiarios da cualificación que poidan necesitar na

súa vida laboral, de xeito que se compatibilice unha maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

No ano 2015 en Ferrol e na súa área (**cadro 3.1.17.**) realizáronse 39 accións formativas con 585 alumnos e 230 mil euros de orzamento. Tal como acontece coas AFD, o concello de Ferrol acolle en torno ao 70% das actuacións e alumnos e o 76% do orzamento total. Ademais do concello de Ferrol, impártense cursos en Narón (9 cursos e 158 alumnos), Fene (1 curso e 12 alumnos) e Valdoviño (1 curso e 18 alumnos). □

3.2.- Infraestruturas e equipamentos

No presente capítulo analízanse as dotacións de infraestruturas das que dispón Ferrol e a súa área de influencia: a rede viaria e de transporte, a dotación de solo empresarial, o abastecemento enerxético, o saneamento de auga ou o acceso ás TIC.

As infraestruturas de transporte (estradas, ferroviarias e portuarias) son un elemento básico na configuración da estrutura do territorio con efectos directos no nivel de competitividade do mesmo. O Foro Económico Mundial, no seu informe sobre a competitividade global dos anos 2015-2016, inclúe ás infraestruturas entre os piares básicos da competitividade dun país.

Analízase a continuación a dotación de solo empresarial, e ás estimacións de oferta e demanda potencial segundo se recolle no Plan Sectorial de Ordenación das áreas empresariais.

Finalmente preséntanse os datos das chamadas infraestruturas sociais, como son o

equipamento sanitario e entidades e centros de servizos sociais, así como o equipamento educativo.

Infraestruturas de transporte

As infraestruturas de transporte determinan de xeito fundamental tanto a delimitación territorial da área de influencia de Ferrol como a distribución poboacional e os emprazamentos empresariais dentro da zona.

Os **instrumentos de planificación** de infraestruturas de comunicación, tanto a nivel europeo, estatal, autonómico e local, delimitan o escenario e os obxectivos a acadar no futuro.

O escenario económico dos últimos anos condicionou o desenvolvemento das infraestruturas de transporte e implicou unha revisión dos plans de infraestruturas co obxectivo de adaptalos ás dispoñibilidades orzamentarias das distintas administracións.

No **ámbito europeo**, destacan o libro branco *"Folla de ruta cara un espazo único europeo de transporte: por unha política de transporte competitiva e sostible"* e as Orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T). A dita RTE-T desenvolverase gradualmente mediante a aplicación dunha estratexia de dobre capa composta por unha rede principal, que deberá executarse de aquí ao 31 de decembro de 2030 e cuxos proxectos son prioritarios con vistas ao cofinanciamento da UE, e unha rede global, que deberá estar lista o 31 de decembro de 2050, como data máxima.

En relación á situación de Galicia na rede principal e global da RTE-T, cómpre salientar, dunha banda, que tan só o porto de A Coruña é considerado como nodal. Doutra, ten a consideración de rede ferroviaria principal a liña A Coruña-Santiago-Ourense-Zamora para pasaxeiros e a saída das mercadorías dos portos de A Coruña e Vigo, a través da variante por Cerdedo, cara a Ourense (alta velocidade), e de aí a Monforte de Lemos (a saída cara a León realizarase a través da rede convencional).

No que á **lexislación estatal** se refire, o documento básico é o Plan de Infraestruturas, Transporte e Vivenda 2012-2024 (PITVI), que presenta cinco obxectivos estratéxicos:

1. Mellorar a eficiencia e competitividade do Sistema global del transporte.
2. Promover o desenvolvemento económico equilibrado como ferramenta ao servizo da superación da crise.
3. Promover unha mobilidade sostible compatibilizando ou seus efectos económicos e sociais co respecto ao medio ambiente.
4. Reforzar a cohesión territorial e a accesibilidade de todos os territorios do Estado a través do Sistema de transporte.
5. Promover a integración funcional do

Sistema de transporte no seu conxunto mediante un enfoque intermodal.

O desenvolvemento dos principios e directrices do PITVI no ámbito da loxística e do transporte de mercadorías, establécese a través da Estratexia Loxística de España, aprobada en novembro de 2013, e que establece as prioridades e programas de acción na loxística e no transporte multimodal de mercadorías, no mesmo horizonte de planificación do PITVI.

A **nivel autonómico** o principal elemento de planificación son as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). Xunto a elas, cómpre mencionar o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (Plan MOVE), que, con independencia de que o seu horizonte de planificación rematou en 2015, e tendo en conta a existencia de actuacións que se prolongan máis alá da dita data, establécese un segundo horizonte temporal no ano 2020, data de finalización do PEIT, que a súa vez presenta dous fitos parciais, o período 2016-2017 e 2018-2020, que é o período restante ata o 2020 (horizonte final do PEIT).

No ámbito da planificación autonómica da rede viaria, cómpre salientar a lei 8/2013, de estradas de Galicia, modificada pola lei 6/2015, modificación que pretende, de xeito xeral, simplificar os procedementos administrativos e reforzar a seguridade xurídica da cidadanía. Así mesmo, o 20 de xuño de 2016 publícase no DOG o Decreto 66/2016, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, onde se desenvolven os instrumentos de planificación como son o Plan Director de estradas de Galicia ou os Plans sectoriais de estradas.

No que respecta ao seguimento das citadas Directrices de Ordenación do Territorio, o **cadro 3.2.1.** mostra o sistema de indicadores obxectivos, por unha banda os indicadores de desenvolvemento e implantación

Informe sobre FERROL e a súa área

Indicadores de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e sustentabilidade territorial

			Ferrol e a súa área de influencia	Galicia
	ano de referencia	concepto		
Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)				
Ordenación do territorio				
0	PTI aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT	2013 (número de plans)	19	--
1	Plans sectoriais aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT (1)			
	elaborados		20	7
	aprobados definitivos	2013 (número de plans)	54	3
	totais		74	10
Planeamento				
2	PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT			
	aprobados e adoptados		-	9
	en elaboración	2013 (número de plans)	13	200
	totais		13	209
3	Desenvolvemento urbanístico			
	instrumentos de ordenación aprobados con posterioridade ás DOT	2013 (número)	9	
Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)				
Metabolismo				
4	Calidade da auga das zonas de baño			
	zonas de baño	(número)	31	519
	excelente		62,66	69
	boa	2012 (% / total)	17,50	14
	suficiente		-	8
	insuficiente		19,66	9
5	Xeración de residuos urbanos			
	R.U./ hab/día		1,06	1,13
	R.U./ ano	2011 (en kg.) (en Tm.)	4.151,05	1.147.451,21
6	Recollida selectiva bruta			
	papel-cartón		0,03	0,04
	vídro		0,04	0,04
	materia orgánica	2011 (kg / hab. / día)	0,00	0,05
	envases lixeiros		0,04	0,02
7	Dotación de puntos limpos			
	concellos con puntos limpos		6	120
	concellos con servizo	2011 (número)	9	200
8	Emisións de gases de efecto invernadoiro			
	produción CO2	2010 (en Tm.)	sen datos	26.092.522
Mobilidade				
9	Repartición modal da mobilidade cotiá			
	vehículo motorizado privado		46,25	45
	vehículo motorizado púb-privado		0,15	1
	vehículo motorizado público		7,00	10
	mobilidade alternativa	2001 (% persoas / total)	11,05	18
	outros		0,50	1
	non aplicable		32,40	24
Ocupación do territorio				
10	Usos do solo			
	superficie de dinámica natural, de maior valor ecolóxico	2005 (% /total superficie)	33,11	45,80
11	Vivendas familiares			
	vivendas secundarias		12,71	12,70
	vivendas baleiras / outras	2001 (%)	18,90	18,40
	inmobles de uso residencial	(número)	116.673	1.554.749
Paisaxe				
12	Aplicación dos instrumentos da Lei de paisaxe			
	estudos de impacto e integración paisaxística	2013 (número)	5	270
Patrimonio cultural				
13	Bens de interese cultural			
	número de BICs	2012 (número)	11	410

3.2.1.a.

(continúa)

● ● (ven da páxina anterior)

Patrimonio natural						
14	Artificialización do territorio					
	categoría I		59.300,89	1.353.649,02		
	categoría II	2005	(en ha.)	85.065,39	1.418.293,96	
	categoría III			1.236,23	17.840,81	
	categoría IV			10.118,84	164.431,06	
15	Superficie de espazos naturais protexidos					
	Rede Galega de Espazos Protexidos			22.384,38	358.895,00	
	Rede Natura 2000	2012	(en ha.)	22.342,40	354.411,43	
	outras figuras de protección			3.164,18	614.432,19	
16	Espazos naturais con instrumento de planificación					
	Rede Galega de Espazos Protex.			22.384,38	358.895,00	
	Plan de Ordenación de Rec.Naturais	2012	(en ha.)	9.076,82	50.164,86	
	Plan Reitor de uso e xestión			-	30.123,83	
17	Ocorrenca de incendios					
	incendios forestais	2011	(número)	110	6.342	
Sociedade e economía						
18	Variación da poboación					
	en 10 anos: 2001-2011			-6,10	2,30	
	en 5 anos: 2006-2011	2001-11	(%)	-3,46	1,00	
	nun ano: 2010-2011			-0,09	-0,10	
19	Densidade da poboación		2011	(hab / km2)	192,67	94,50
20	Renta bruta fixa dispoñible					
	RBFD do fogar / oer cápita	2009	(€)	14.427,85	14.965,00	
21	Autocontención laboral (3)		2011	(%)	28,29	47,80
22	Autosuficiencia en emprego		2011	(%)	84,51	102,10
23	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais					
	poboación con banda ampla	2010-11	(%)	68,99	84,32	
24	Agricultura ecolóxica					
	superficie de agricultura ecolóxica / superficie agraria total	2011	(%)	0,19	1,54	
25	Especialización gandeira					
	gando bovino			68,89	60,00	
	gando ovino			6,65	1,50	
	gando caprino	2009	(% / total)	0,29	0,30	
	gando equino			4,49	1,30	
	gando porcino			13,57	20,80	
	aves			9,12	16,20	
26	Carga gandeira					
	ocupación do solo en actividades de gandería	2009	(%)	0,70	1,10	
27	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal					
	superficie con instrumentos	2012	(en ha.)	11.339,50	194.349,70	
	superficie con instrumentos / superficie forestal		(%)	7,42	9,59	
28	Intensidade de demanda turística					
	permocitacións / km2	2012	(número)	240	289	

(1) o indicador para Galicia refírese ao número de Plans sectoriais aprobados ou en elaboración; o indicador para a área de Ferrol recolle o número de plans que afectan supramunicipalmente aos concellos do total de Plans sectoriais

(2) superficie ocupada segundo categorías de usos do solo: I = menor artificialización; II = usos de dinámica natural que requiren inputs de enerxía; III = usos artificiais sen grandes infraestruturas asociadas; e IV = usos artificiais que implican a construción de grandes infraestruturas

(3) capacidade dun territorio de fixar laboralmente a súa poboación; mídese relacionando o número de traballadores que simultaneamente traballan e residen no mesmo concello co número total de traballadores que residen nel

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

3.2.1.b

(IDI), que pretenden observar o cumprimento dos instrumentos de ordenación vixente, e, por outra banda, os indicadores de sostibilidade territorial (IST), que valoran a eficiencia e a percepción cidadá dos instrumentos incluídos nas DOT, así como no Plan de Ordenación do Litoral (POL).

O modelo conceptual no que se apoia este sistema permite agrupar estes indicadores (IST) nos seguintes grandes bloques: ocupación do territorio, paisaxe, patrimonio na-

tural, patrimonio cultural, sociedade e economía, metabolismo e mobilidade.

De xeito máis desagregado, o **cadro 3.2.2.** mostra o IDI de ordenación de territorio, do número de PTI aprobados ou en elaboración en 2012, último dato dispoñible, nos concellos da área analizada.

No ámbito do concello de Ferrol, resulta importante salientar as actuacións acometidas no marco do Programa Urban Ferrol 2009-

Informe sobre FERROL e a súa área

Número de Plans Territoriais Integrados (PTI) aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT en 2012

	Superficie municipal	Superficie PTI elaboración	Superficie PTI aprobado	Superficie PTI Total	Sup. PTI / Sup. municipal (%)	Número de PTI
Galicia	29.570,1	470,1	2.153,6	2.621,5	8,9	-
Ferrol e a súa área						
Ares	18,2	-	18,1	18,1	99,3	1
Cabanas	30,1	11,3	8,4	18,3	60,7	2
Capela, A	57,7	17,4	-	17,4	30,2	1
Cariño	47,6	-	50,0	50,0	104,9	1
Cedeira	86,0	-	58,3	58,3	67,8	1
Cerdido	52,7	-	-	-	-	-
Fene	27,0	-	24,5	24,5	90,9	1
Ferrol	83,3	-	62,8	62,8	75,4	1
Mañón	82,2	-	19,7	19,7	24,0	1
Moeche	48,5	-	-	-	-	-
Monfero	172,1	117,3	-	117,3	68,1	1
Mugardos	12,3	-	12,8	12,8	103,6	1
Narón	67,1	-	17,3	17,3	25,8	1
Neda	23,7	-	11,0	11,0	46,4	1
Ortigueira	211,1	-	84,4	84,4	40,0	1
Pontedeume	29,3	5,9	19,9	25,0	85,1	2
As Pontes	249,7	192,5	-	192,5	77,1	1
San Sadurniño	99,6	-	-	-	-	-
Somozas, As	71,0	3,9	-	3,9	5,5	1
Valdoviño	89,1	-	46,5	46,5	52,3	1

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

3.2.2.

Programa URBAN Ferrol: resumen de execución por eixos 2009-15

	Orzamento (en euros)	Axuda Feder (80%)
Eixo 1. Espazo Público Urbano	983.948,8	787.159,0
Eixo 2. Desenvolvemento económico	467.484,7	373.987,7
Eixo 3. Acción Social	2.048.196,1	1.638.556,9
Eixo 4. Transporte e Comunicacions	3.476.263,6	2.781.010,9
Eixo 5. Medio Ambiente Urbano	2.436.291,5	1.949.033,2
Eixo 6. Tecnoloxías	71.202,5	56.962,0
Eixo 7. Xestión, Control e Participación Cidadá	549.274,8	439.419,8
Total	10.032.662,0	8.026.129,5

Fonte: Concello de Ferrol

3.2.3.

2015, que ten como finalidade promover un desenvolvemento urbano sostible, cunha orientación preferente aos barrios de Ferrol Vello, Canido e A Magdalena. Este programa executou un orzamento de 10 millóns de euros, cofinanciado nun 80% polo FEDER.

Tal como se mostra no **cadro 3.2.3.**, o pro-

grama artéllase en torno a sete eixos de actuación:

O Eixo 1.- Espazo Público Urbano, contou cun orzamento de 984 mil euros. Acometéronse obras de reurbanización que consistiron na renovación de pavimentos, beirarrúas e instalacións, modernización do

servizo de abastecemento e plantación de árbores, para dar un aspecto máis uniforme e actualizado a todas as rúas.

O Eixo 2.- Desenvolvemento Económico e Desemprego, cun orzamento de 467 mil euros. Este eixo abarca actuacións de Desenvolvemento do tecido económico: accións a favor do emprego, da actividade empresarial e, en particular, das pemes e microempresas (257 mil €) e de Turismo (211 mil €).

O Eixo 3.- Acción social, cun orzamento de 2 millóns de euros, acolle actuacións de Fomento da integración social e a igualdade de oportunidades (1,4 millóns de €), e de Formación profesional ocupacional (656 mil €).

O Eixo 4.- Transporte e comunicacións, cun orzamento de 3,5 millóns de euros, integra actuacións de Accesibilidade e mobilidade (23 mil €), e de Transporte e comunicacións (3,4 millóns de €).

O Eixo 5.- Medio ambiente urbano, cun orzamento de 2,4 millóns de €, destinado a actuacións de Medioambiente urbano, redución e tratamento de residuos (2,1 millóns de €), de Fomento e uso máis eficiente da enerxía (132 mil €) e de Cultura e patrimonio (221 mil €).

O Eixo 6.- Tecnoloxías, ten un orzamento de 71 mil €, destinado á investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

O Eixo 7.- Control e Participación Cidadá conta cun orzamento de 549 mil €, que se destinou á Información e Publicidade (68 mil €), e á Xestión e asistencia técnica (481 mil €).

• *Infraestruturas viarias*

A rede actual de infraestruturas viarias de Ferrol e a súa área de influencia presenta unha configuración radial formada por tres eixos principais:

- O Eixe Sur (A Coruña, Santiago) articulado ao redor da autoestrada do Atlántico AP-9 que conecta de norte a sur o litoral occidental galego. Esta infraestrutura, básica nas comunicacións da área, é unha autoestrada de peaxe, o que implica un gravame sobre os movementos de persoas e mercadorías.

- O Eixe Central (As Pontes, Vilalba, Autovía do Cantábrico e Meseta). Este eixo está organizado ao redor da vía de alta capacidade AG-64 que enlaza coa A-8 e a Meseta.

- O Eixe Costeiro (Valdoviño, Cedeira, Ortigueira...), constituído por estradas da Rede Primaria Básica ou Complementaria.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE) da Xunta de Galicia contempla unha serie de actuacións na rede autonómica de Ferrol e da súa área de influencia. Neste senso, en canto ás obras previstas nas vías de alta capacidade (VAC), o citado Plan prevé un investimento de 134 millóns de euros na área obxecto de estudo, dos que case 98 millóns de euros financian a variante de Ortigueira e treito Celeiro-San Cibrao, e en torno a 36 millóns de euros é o investimento previsto no Plan para a conexión da AP-9 coa AG-64 (**cadro 3.2.4.**). En xullo de 2013 púxose en funcionamento a variante de Ortigueira (Conexión AC-101-Espasante) cun investimento de 44 millóns de euros.

No que respecta á conexión da A-P9 (enlace de Neda), coa AG-64 (San Sadurniño) co trámite de información pública aprobado dende o ano 2008, no ano 2013 a modificación do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol suprime esta actuación, xa que os estudos técnicos consideraron improbable a súa execución no medio prazo, o que xunto á petición do concello de Neda de suprimir esta actuación polas repercusións sociais que ten, e a eliminación da programación económica do Plan MOVE motivaron a decisión de suprimir dita actuación.

Informe sobre FERROL e a súa área

Actuacións previstas na rede autonómica 2009-15: distribución segundo programas

	Lonxitude (Km)	Investimento (€)
Programa de vías de altas prestacións		
VAP da Costa Norte: variante de Ortigueira e treito Celeiro-San Cibrao	17,9	97.940.000
VAP de conexión da AP-9 (enlace de Neda) coa AG-64 (enlace de San Sadurniño)	7,3	36.135.000
Programa de vías estruturantes		
Conexión AC-113_AC-642 en Narón	1,8	6.541.600
Programa de actuacións en medios urbanos		
VAP de conexión da AP-9 coa AG-64 Ferrol-Vilalba (Neda-San Sadurniño)		28.000.000
Mellora da conexión entre as VAP e a rede estrutural		

Fonte: Xunta de Galicia. Plan MOVE 2009-15

■ 3.2.4.

Actuacións previstas no programa de investimentos do Plan de Infraestruturas, Transporte e Vivenda PITVI 2012-2024

Transporte ferroviario	
Novos investimentos en cercanías	Plan global de cercanías para Galicia
Accesos a portos	Ferrol
Novos investimentos en rede convencional	Reposición rede convencional Ferrol/Bilbao
	Eixo atlántico: Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-fronteira portuguesa
Novos investimentos na rede de alta velocidade	LAV outras actuacións no corredor cantábrico Bilbao/Ferrol

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.5.

En coherencia co marco de Planificación estratéxica da Xunta Galicia, plasmada tamén na modificación do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas¹, e de xeito coherente coas directrices da Estratexia Europa 2020as liñas de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2015 en Ferrol e na súa área de influencia poden observarse nas medidas incluídas no orzamento do ano 2015.

Neste senso, no que respecta á construción de VAC, na área analizada recóllese a conexión de San Cibrao coa A-52. Entre as actuacións na rede convencional, figuran proxectos como o acceso ao polígono de Bretón en Ferrol. No que respecta ao mantemento, xestión e conservación de estradas galegas, estímase actuar en 25Km, realizar catro proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos e a execución de medidas ambientais na AG-64.

Finalmente, co obxecto de potenciar a conexión do tecido empresarial cos mercados europeos e facilitar o transporte de mercadorías, a Xunta de Galicia colabora con outras rexións do Arco Atlántico no proxecto europeo CFA-EFFIPLAT para a creación dunha rede para a promoción e desenvolve-

1 O DOG nº 112 do 26/06/2015 ANUNCIO do Acordo da Xunta de Galicia polo que se aproba definitivamente o expediente de información pública e definitivamente, a modificación do Plan sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas.

mento do Corredor Ferroviario Atlántico de Mercadorías.

O Ministerio de Fomento, no seu programa de investimentos do citado Plan de Infraestruturas, Transportes e Vivenda, non recolle actuacións na rede de transporte por estrada con incidencia directa en Ferrol e a súa área de influencia.

Dentro do Plan MOVE, a través do programa de actuacións en medios urbanos, abóndanse distintas actuacións necesarias para resolver os problemas existentes no acceso ás grandes cidades. Ademais, propóñense varias actuacións destinadas á construción de eixos novos, co fin de impulsar unha mellora dos accesos ás cidades.

As actuacións definidas para o ámbito metropolitano de Ferrol tratan de mellorar os accesos polos tres eixos principais: Eixo Sur (Eixo Atlántico), eixo de Conexión coa Meseta e Eixo Costeiro. Con esta formulación, desenvólvese a VAP de conexión da AP-9 Autovía do Atlántico coa AG-64 Ferrol-Vilalba (Neda-San Sadurniño) e as melloras de conexión entre as VAP e a Rede Estruturante, cun investimento previsto para o período 2009-2015 de 28 millóns de euros.

• *Infraestruturas ferroviarias*

O ferrocarril en Ferrol e na súa área de influencia ten un protagonismo residual na repartición modal dos desprazamentos, a causa do histórico illamento ferroviario da zona, cun servizo lento e de escasa frecuencia coa cidade da Coruña, e sen conexións axeitadas cos grandes centros de poboación nin coa Meseta.

Ante esta situación a inclusión de Ferrol no ámbito da rede ferroviaria de alta velocidade é de enorme transcendencia para o desenvolvemento territorial da área. Neste senso, nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) inclúense para Ferrol e a súa área de

influencia as seguintes conexións clave:

- Liña de alta velocidade do Eixo Atlántico desde Vigo a Ferrol. Esta actuación suporía un elemento fundamental de articulación interna do territorio.
- Potenciación e mellora das relacións ferroviarias convencionais e de mercadorías coa Meseta desde as rexións urbanas de Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.
- Fortalecemento dos servizos de FEVE² na relación Ferrol-Ribadeo. Esta liña prolongarase ata Bilbao e debería constituír un elemento importante na progresiva integración dos sistemas urbanos do corredor do Cantábrico, especialmente para servizos de proximidade e turísticos.

O Eixo Atlántico discorre de norte a sur, entre Ferrol e a fronteira portuguesa ao longo de 241 kilómetros, comunicando cinco das sete maiores cidades galegas. Esta infraestrutura está comunicada coa nova conexión Madrid-Galicia en Santiago de Compostela.

O traxecto que está en construción e parcialmente en servizo, é o tramo central, que comunica A Coruña con Vigo, cun recorrido de 155,6 kilómetros. En decembro de 2009 entrou en servizo o traxecto entre Santiago e A Coruña (61,7 km).

O Eixo Atlántico complétase con dous tramos de menor lonxitude nos extremos, A Coruña-Ferrol polo norte (63,2 km) e Vigo-Fronteira portuguesa polo sur (22,1 km). Ámbolos dous tramos atópanse en fases previas a súa construción.

O PITVI recolle novos investimentos no Eixo

² A compañía Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE) extinguiuse o 31 de decembro de 2012, pasando os seus servizos de transporte rexional e de cercanías a ser operados por Renfe.

Informe sobre FERROL e a súa área


Tráfico portuario 2015: ranking

	Tráfico portuario (en Tm)	Tráfico / total portos (%)
Bahía de Algeciras	98.228.153	19,56
Valencia	70.083.977	13,96
Barcelona	46.844.019	9,33
Tarragona	33.005.870	6,57
Bilbao	32.876.518	6,55
Cartagena	32.669.844	6,51
Huelva	27.376.664	5,45
Las Palmas	23.611.648	4,70
Gijón	21.269.496	4,24
Castellón	16.474.062	3,28
A Coruña	14.150.339	2,82
Baleares	13.494.462	2,69
Ferrol-S. Cibrao	12.777.638	2,54
Santa Cruz de Tenerife	12.617.036	2,51
Almería	6.460.544	1,29
Santander	5.641.300	1,12
Avilés	5.173.298	1,03
Sevilla	4.678.051	0,93
Vigo	4.292.962	0,85
Pasaia	3.793.536	0,76
Bahía de Cádiz	3.409.811	0,68
Alicante	2.616.307	0,52
Málaga	2.342.860	0,47
Marín y Ría de Pontevedra	2.141.989	0,43
Ceuta	2.108.137	0,42
Motril	1.987.415	0,40
Melilla	1.031.482	0,21
Vilagarcía	1.029.504	0,21
Total Autoridades Portuarias	502.186.922	100,00

Fonte: Puertos del Estado

3.2.6.

Evolución do tráfico do porto de Ferrol- San Cibrao: 2000-2015



Fonte: Puertos del Estado

3.2.7.

Atlántico, estimándose, a partir dos datos da Memoria Económica 2015 de ADIF, dende un punto de vista territorial, actuacións no corredor cantábrico Ferrol- Bilbao, mais fóra do ámbito territorial de Ferrol e a súa área de influencia.

Finalmente salientar que as conexións ferroviarias de alta velocidade coas terminais marítimas considéranse de máxima importancia para a viabilidade económica do sistema portuario galego, por ser unha condición necesaria para mellorar a conectividade dos portos e impulsar o crecemento económico. En decembro de 2015, o Ministerio de Fomento fixo entrega á Autoridade Portuaria do proxecto construtivo da conexión por ferrocarril do Porto Exterior de Ferrol, propiciando a licitación das obras en xuño de 2016, cun prazo de finalización de 46 meses.

• *Infraestruturas portuarias*

O sistema portuario galego está composto por 123 portos xestionados polo ente público Portos de Galicia e 6 portos de interese xeral, xestionados por cinco Autoridades Portuarias que están coordinadas e supervisadas polo organismo Puertos del Estado, que é o responsable de executar e levar á práctica a política portuaria deseñada polo Goberno.

No que respecta aos portos de interese xeral, na fachada marítima galega existen seis portos xestionados polo Estado: San Cibrao, Ferrol, A Coruña, Vilagarcía, Marín e Vigo, dos que os portos de San Cibrao e Ferrol localízanse na área obxecto de estudo. O *ranking* de tráfico portuario dos portos de interese xeral do Estado sitúa ao porto de Ferrol-San Cibrao no décimo terceiro posto no ano 2015 (**cadro 3.2.6.**), con 12,8 millóns de toneladas, o que supón o 2,5% do tráfico total estatal, sendo o segundo que move un maior volume de tráfico dos portos de interese xeral de Galicia, tras o porto de A Coruña.

Res

Importe neto da cif

	2010	2011	2012
A Coruña	21.337	22.294	2
Alicante	13.019	11.808	1
Almería	12.850	12.380	1
Avilés	12.008	14.567	1
Bahía de Algeciras	89.531	77.243	8
Bahía de Cádiz	19.420	21.685	2
Baleares	61.722	59.990	5
Barcelona	167.361	157.839	16
Bilbao	64.622	64.767	6
Cartagena	34.188	36.789	4
Castellón	20.552	20.156	2
Ceuta	15.077	14.204	1
Ferrol - San Cibrao	16.949	18.171	2
Gijón	38.584	34.033	3
Huelva	39.717	42.963	4
Las Palmas	58.459	55.176	6
Málaga	16.228	16.657	1
Marín e Ría de Pontevedra	8.119	8.415	
Melilla	7.216	8.595	1
Motril	5.032	6.577	
Pasaia	13.637	13.761	1
S. Cruz de Tenerife	34.858	36.733	3
Santander	20.013	17.686	1
Sevilla	19.256	20.544	2
Tarragona	53.273	53.301	5
Valencia	107.337	115.312	11
Vigo	26.815	24.463	2
Vilagarcía	4.244	4.614	
Total Autoridades Portuarias	1.001.423	990.721	1.03
Puertos del Estado	-	-	-
Fondo de Compensación	-	-	-
Axustes consolidación	-	-	-
Total agregado	1.001.423	990.721	1.03

Fonte: Puertos del Estado

■ **3.2.8.**

Tal como se analiza con maior detalle no capítulo 2.5.- *Sectores productivos*, o porto de Ferrol-San Cibrao especialízase no movemento de graneis sólidos, de xeito que no ano 2015 foi o segundo máis importante do Estado en movemento destas mercadorías, só por detrás da Autoridade Portuaria de Xixón. Nos anos previos á crise económica o volume de mercadorías movidas nos portos de interese xeral aumenta moi significativamente, retomando esa tendencia a partir

Informe sobre FERROL e a súa área

Resultados económicos dos Portos do Estado 2010-14

Tipo de negocios	Resultado de explotación		Resultado do exercicio		Taxas de variación anuais				
	2013	2014	2014		2011/2010	2012/2011	2012/2010	2013/2010	2014/2010
	(en miles de €)				(%)				
5.483	24.716	23.619	767	4.255	4,5	14,3	19,4	15,8	10,7
2.128	11.353	10.264	952	606	-9,3	2,7	-6,8	-12,8	-21,2
3.104	12.602	12.012	560	462	-3,7	5,8	2,0	-1,9	-6,5
5.211	14.427	13.677	2.426	2.630	21,3	4,4	26,7	20,1	13,9
0.600	83.621	75.413	20.059	22.556	-13,7	4,3	-10,0	-6,6	-15,8
1.398	21.199	18.971	386	222	11,7	-1,3	10,2	9,2	-2,3
9.574	65.643	60.692	15.625	16.875	-2,8	-0,7	-3,5	6,4	-1,7
0.778	158.901	154.832	45.126	37.426	-5,7	1,9	-3,9	-5,1	-7,5
2.910	63.061	62.506	3.110	3.056	0,2	-2,9	-2,6	-2,4	-3,3
5.104	41.442	43.873	21.891	23.772	7,6	22,6	31,9	21,2	28,3
0.287	22.183	23.453	7.645	3.861	-1,9	0,6	-1,3	7,9	14,1
6.568	16.248	15.985	6.948	11.822	-5,8	16,6	9,9	7,8	6,0
1.074	19.882	18.959	5.384	5.724	7,2	16,0	24,3	17,3	11,9
9.224	40.335	40.657	7.799	-5.810	-11,8	15,3	1,7	4,5	5,4
4.066	40.890	40.762	10.655	12.681	8,2	2,6	10,9	3,0	2,6
1.199	68.477	65.941	21.236	11.759	-5,6	10,9	4,7	17,1	12,8
7.960	16.699	15.682	4.018	4.313	2,6	7,8	10,7	2,9	-3,4
8.081	8.047	7.748	1.113	1.354	3,6	-4,0	-0,5	-0,9	-4,6
0.565	10.143	9.807	3.189	5.150	19,1	22,9	46,4	40,6	35,9
6.933	6.617	6.065	900	899	30,7	5,4	37,8	31,5	20,5
3.832	13.058	13.416	307	11	0,9	0,5	1,4	-4,2	-1,6
5.427	36.182	34.274	7.752	7.335	5,4	-3,6	1,6	3,8	-1,7
9.224	19.098	19.666	619	1.135	-11,6	8,7	-3,9	-4,6	-1,7
1.206	19.363	17.873	1.359	340	6,7	3,2	10,1	0,6	-7,2
4.078	46.101	49.150	6.062	5.289	0,1	1,5	1,5	-13,5	-7,7
6.360	117.608	120.934	27.957	10.670	7,4	0,9	8,4	9,6	12,7
4.862	24.628	24.170	641	155	-8,8	1,6	-7,3	-8,2	-9,9
4.818	4.648	4.555	669	43	8,7	4,4	13,5	9,5	7,3
2.055	1.032.055	1.044.956	222.685	178.167	-1,1	4,2	3,1	3,1	4,3
-	-	-	3.531	8.505					
-	-	-	6.161	6.226					
-	-	-	-	-					
2.055	1.032.055	1.004.956	232.377	192.898					

do ano 2011. No ano 2015 o volume de mercadorías movidas no porto de Ferrol-San Cibrao foi un 31,8% superior ás do ano 2005 (**cadro 3.2.7.**).

O incremento no volume de tráfico portuario dos últimos anos está causado por diferentes condicionantes tales como as políticas de captación levadas a cabo, pola especialización dos portos, así como polas melloras na conectividade e na xestión portuaria,

entre outras. A pesar do incremento das bonificacións nas taxas, o incremento no tráfico portuario favorece que a cifra de negocios se incremente nos últimos anos, tanto no conxunto do sistema portuario como no caso da AP de Ferrol-San Cibrao, así tamén podemos constatar o incremento na rendibilidade, calculada sobre os fondos propios. Neste senso, o **cadro 3.2.8.** mostra un incremento dos ingresos no conxunto do sistema portuario entre os anos 2010 e

Resultados económicos dos Portos do Estado 2010-14: rendabilidade sobre fondos propios (1)

	2010	2011	2012	2013	2014
A Coruña	2,70	3,38	0,10	-1,29	-1,95
Alicante	-1,07	-1,27	-1,16	-0,62	-0,66
Almería	-0,52	-0,12	-0,22	-0,48	0,77
Avilés	1,59	3,55	3,75	3,54	1,25
Bahía de Algeciras	7,15	4,87	5,27	5,72	3,95
Bahía de Cádiz	-0,52	0,69	1,50	0,85	0,38
Baleares	5,55	3,29	3,19	5,17	3,56
Barcelona	6,34	4,23	4,65	6,50	3,56
Bilbao	0,91	0,83	0,87	0,81	0,59
Cartagena	6,29	6,17	9,06	6,86	6,85
Castellón	3,83	1,88	1,66	3,13	3,61
Ceuta	-1,92	-6,64	-3,27	-0,56	-2,27
Ferrol - San Cibrao	3,94	4,58	5,93	5,95	4,96
Gijón	2,60	-2,72	-1,38	-0,93	-1,71
Huelva	1,42	2,01	2,87	2,93	2,96
Las Palmas	-2,92	-1,08	-0,84	2,13	2,19
Málaga	-3,03	3,93	-3,08	-2,12	-0,18
Marín y Ría de Pontevedra	3,07	2,62	4,28	2,76	1,05
Melilla	-7,43	-6,21	-2,67	-2,84	-4,01
Motril	-2,88	-0,56	-0,44	0,13	-2,24
Pasaia	0,13	-0,25	1,20	1,63	0,08
Santa Cruz de Tenerife	-1,59	-2,08	-1,12	0,63	0,00
Santander	-0,24	-0,89	0,21	0,21	0,24
Sevilla	0,86	1,30	-0,09	-2,14	-0,30
Tarragona	4,33	3,33	2,92	0,96	1,41
Valencia	0,03	3,38	1,66	1,53	2,03
Vigo	0,91	-0,41	0,47	0,44	-0,24
Vilagarcía	-6,49	-4,71	-2,49	-3,72	-4,83
Porcentaxe media das Autoridades Portuarias	2,16	1,84	2,08	2,47	1,82

(1) resultado do exercicio, excluído o Fondo de Compensación Interportuario, os resultados excepcionais e os ingresos e gastos financeiros derivados do pago de xuros de demora por sentenzas anulatorias de liquidacións de tarifas portuarias
Fonte: Puertos del Estado

■ 3.2.9.

2014 do 4,3%, sendo este incremento do 11,9% na A.P de Ferrol-San Cibrao. A pesar do incremento case xeneralizado da cifra de negocios, segue existindo unha forte concentración do negocio nun número moi reducido de portos, de xeito que os 10 primeiros portos concentran en torno ao 68% do total do sistema no ano 2014 (70% no ano 2013).

Por outra banda, conséntase unha caída na rendibilidade calculada sobre fondos propios, aínda que se mantén en niveis elevados no caso do porto de Ferrol-San Cibrao. Así, o **cadro 3.2.9.** mostra unha caída da rendibilidade que no conxunto do sistema portuario foi do 1,8% no ano 2014, fronte

ao 5% para Ferrol-San Cibrao.

No concernente ás súas características técnicas xerais, o porto de Ferrol conta cun porto interior e un porto exterior, cos seguintes peiraos de servizo:

Porto interior: 1.710,10 m. de liña de atraque e 14,6 m. de calado.

Porto exterior: 1.764,3 m. de liña de atraque e 20 m. de calado.

Pesqueiro: 461,9 m. de liña de atraque e 3,5 m. de calado.

Embarcacións menores: 771,3 m. de liña de atraque e 0-3,5 m. de calado.

Pantaláns deportivos: 1.188 m. de liña de atraque e 1-8 m. de calado.

O porto de San Cibrao dispón dunha super-

Informe sobre FERROL e a súa área

Peiraos e atraques ao servizo do comercio marítimo no Porto de Ferrol-San Cibrao 2015: clasificación segundo empregos e calados

	Totais	Calados					
		C>=12	12>C>=10	10>C>=8	8>C>=6	6>C>=4	C<4
		(metros lineais con calado "C")					
Polivalentes	4.222,9	2.407,2	326,6	516,8	698,1	-	274,2
Graneis sólidos	414,1	414,1	-	-	-	-	-
Graneis líquidos	925,9	925,9	-	-	-	-	-
Atraques ro-ro	445,7	-	216,5	229,2	-	-	-
Servizos portuarios	47,4	-	-	-	47,4	-	-
Recreativas deportivas	2.334,1	-	-	-	-	-	2.334,1
Pesca	573,3	-	-	-	-	-	573,3
Regasificación	432,5	432,5	-	-	-	-	-
Reparacións e armamento	4.505,0	-	811,0	1.317,0	1.760,0	467,0	150,0
Total	13.900,9	4.179,8	1.354,1	2.063,0	2.505,5	467,0	3.331,6

Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao

■ 3.2.10.

fície terrestre de 563.456 m², e os seguintes peiraos:

Molle Principal: liña de atraque de 232 m. e calado de 17-14 m.

Molle Auxiliar: liña de atraque de 88 m. e calado de 7 m.

Molle de Servizo: liña de atraque de 45 m. e calado de 5,4 m.

Así como dous diques de abrigo:

Dique Norte: 935 m.

Dique Sur: 1.130 m.

No que atinxe aos usos, **cadro 3.2.10.**, destacan os peiraos de uso polivalente con 4.223 metros lineais, dos que 2.407 metros lineais teñen un calado superior a 12 metros, máis da metade localizados no porto exterior. Os peiraos dedicados a reparacións e armamento ocupan 4.505 metros; para actividades recreativas, 2.334 metros; para pesca, 573 metros cun calado menor a catro metros; para graneis líquidos 926 metros, e, entre outros, para graneis sólidos sen instalacións especiais 414 metros lineais.

No que respecta ás características técnicas particulares destacan as seguintes, distribuídas entre as diferentes infraestruturas:

– Porto de Ferrol/ Porto Interior: Dispón de 1.066 metros lineais de peiraos comerciais cun calado entre 6 e 12 metros, cunha

rampa Ro-Ro e unha terminal de short sea shipping (transporte marítimo de curta distancia) con 250 metros lineais de molle e un calado de 10 metros.

O Porto interior tamén dispón dunha terminal de carbón con 271 metros lineais de molle e calado de 14 metros, cun descargador continuo e ecolóxico de carbón cunha capacidade de 2.300 t/h (actualmente en desuso). Ademais está outorgado en autorización dende 2011 o porto deportivo sito na dársena de Curuxeiras.

– Porto de Ferrol/Porto Exterior: Dispón das seguintes terminais: unha terminal de contenedores (concesionario Ferrol Container Terminal) con 300 mil m² de superficie de almacenamento; unha terminal de carbón (concesionario Endesa Generación S.A), con 100 mil m² de almacenamento, unha nave de almacenamento da Autoridade Portuaria de 25 mil m² de almacenamento, unha subestación eléctrica (Unión Fenosa) de 1.200 m² de almacenamento, e un edificio de usos múltiples.

– Porto de Ferrol/A Graña: Porto deportivo.

– Porto de Ferrol/Fene: Asteleiros (concesionario Navantia) con aproximadamente 700 mil m² de superficie terrestre, dous di-

**Outras instalacións ao servizo do comercio marítimo no
Porto de Ferrol-San Cibrao 2015**

Instalación	Superficie
	(m ²)
Instalacións pesqueiras	
Lonxas	757
Preparación e envasado de peixe	-
Casetas para industrias de pesca	281
Secadoiros de redes	-

Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao

3.2.11.

Matriz DAFO da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao 2015

Análise do entorno

Ameazas	Oportunidades
Capacidade dos accesos por estrada a San Cibrao e inexistencia de accesos ferroviarios ao porto exterior.	Capacidade de captar novos tráficos pola posta en explotación do porto exterior e pola reordenación de usos do porto Interior (novo peirado fase 2, reversión concesión Endesa), e por consolidación/fidelización de principais tráficos como consecuencia de infraestruturas modernas e renovadas.
Debilidade do tecido industrial na comarca de Ferrol e a Mariña lucense e crise de sectores tradicionais na economía local e rexional.	Disponibilidade de chan industrial para o desenvolvemento de actividades loxísticas e industriais nas cercanías do porto de Ferrol.
Sensibilidade social para alonxamento das áreas urbanas das mercadorías pulverulentas e molestas que operan no porto interior.	Posibilidade de obtención de fondos externos de financiación a medio prazo por parte de potenciais clientes do porto.
Forte dependencia da A.P. de certos sectores (enerxético e metalúrxico) e dos seus principais clientes, e risco de cambios por decisións estratéxicas dos grupos empresariais (Endesa, Alcoa, Reganosa, Megasa Siderúrgica...).	Ubicación óptima para atraer tráficos de transbordo de cargas entre continentes. Oportunidade de desenvolvemento de tráfico de contedores na fachada atlántica, ante a inexistencia dun porto consolidado nestes tráficos, a medio-longo prazo.
Posible descenso (ou redución do crecemento) dos tráficos como consecuencia de decisións externas vencelladas ao mercado da enerxía.	Posibilidade de captar novos tráficos vencellados con operacións de abastecemento a buques, pola existencia de instalacións específicas de grande capacidade (tanto LNG coma produtos petrolíferos).

Análise da empresa

Debilidades	Fortalezas
Necesidade de habilitación do porto de Ferrol como PIF.	Diversificación de tráficos e outorgamento de novas concesións nos últimos anos. Incremento dos ingresos fixos.
Elevado volume de endebedamento, se ben con prazos asumibles de devolución.	Bos ratios e magnitudes de xestión económica-financeira con tendencia a mellorar, como consecuencia da estratexia de contención de gasto, racionalización do seu programa inversor e diversificación de ingresos.
Falta de instalacións (ou inaxeitadas) para atender ao incremento da demanda de determinados tráficos: peirao de pasaxeiros e instalacións náutico-recreativas.	Forte implicación da dirección e todo o persoal coa entidade. Alta competencia do persoal no posto asignado, o que permite un bo funcionamento do sistema de xestión implantado, con ferramentas de xestión sostible, excelencia, medioambiente e calidade certificadas externamente (GRI, EFQM, ISO). Autoridad portuaria pionera nestes sistemas (comezo ano 2001).
Dificultades na contención do gasto como consecuencia da duplicidade de instalacións portuarias (interiores/exteriores), existencia de superficies non afectas a explotación e necesidade de mantemento de instalacións con vida útil avanzada.	Taxas portuarias competitivas con respecto a portos do contorno. Competitividade e diversidade de operadores na estiba. Competitividade no resto de servizos técnico-náuticos.
Rixidez nas posibilidades de reorganización do cadro de persoal.	Infraestruturas e superestruturas portuarias de nova/recente construción no porto exterior, axeitadas para a atención a grandes buques.
Existencia de superficies ocupadas no porto exterior de difícil liberación a curto prazo (ARA, precarga).	

Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. Plan de Empresa 2015

3.2.12.

Informe sobre FERROL e a súa área

Portos dependentes de Portos de Galicia 2015

	Concello	Portos con máis de 100 m de peiraos			
		Total	C<4m	Calado 4m <C< 6m	C>6m
Ares	Ares	158	158	-	-
Cariño	Cariño	603	212	212	179
Cedeira	Cedeira	483	316	167	-
Maniños	Fene	50	50	-	-
O Barqueiro	Mañón	217	217	-	-
Mugardos	Mugardos	141	141	-	-
Espasante	Ortigueira	100	100	-	-
Santa Marta	Ortigueira	321	321	-	-
Pontedeume	Pontedeume	424	424	-	-

Fonte: Portos de Galicia

3.2.13.

Infraestruturas portuarias 2015: instalacións pesqueiras

	Concesionario	Superficie (m ²)	Departamentos	Sup. media (m ²)
Lonxas				
O Barqueiro	Confraría do Barqueiro	128		
Cariño	Confraría de Cariño	710		
Cedeira	Confraría de Cedeira	300		
Maniños (Barallobre)	Confraría de Barallobre	301		
Departamentos para usuarios				
Bares			2	35
O Barqueiro			8	49
Espasante			1	78
Ortigueira (departamentos A)			6	40
Ortigueira (departamentos B)			10	27
Cariño (departamentos A)			10	128
Cariño (departamentos B)			18	26
Cariño (departamentos C)			12	45
Cedeira (departamentos A)			7	60
Cedeira (departamentos B)			12	45
Cedeira (departamentos C)			32	39
Cedeira (departamentos G)			12	30
Cedeira (departamentos H)			13	18

Fonte: Portos de Galicia

3.2.14.

Infraestruturas portuarias 2015: instalacións deportivas

Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao

	Concesionario	Amarres
Curuxeiras	Club do Mar de Ferrol	254
A Graña	Club do Mar de Ferrol	217
Caranza	Club Barrio de Caranza	141

Portos de Galicia (1)

	Concesionario	Amarres
Cariño	Portos de Galicia	98
Ortigueira	Club Náutico Ortigueira	131
Mugardos	Portos de Galicia	104
Barallobre	Portos de Galicia	66
Ares	Club Náutico de Ares	363
Pontedeume	Portos de Galicia	64

(1) Cariño, Mugardos, Barallobre, Mugardos e Pontedeume son instalacións auxiliares do propio porto
Fonte: Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao e Portos de Galicia

3.2.15.

ques secos, tres molles de embarcacións menores, un de descarga de chapas, tres de armamento, tres de reparacións e un peirao de abrigo.

– Porto de Ferrol/Mugardos: Dispón dunha terminal de graneis líquidos (concesionarios Reganosa e Forestal do Atlántico).

– Porto de Ferrol/Caranza: Estas instalacións están previstas para actividades de pesca e náutica deportiva. O proxecto das "Novas instalacións pesqueiras de Caranza" está rematado e alberga a posibilidade dun desenvolvemento mixto de instalacións pesqueiras e náutico-recreativas.

– Porto de San Cibrao: A actividade portuaria céntrase na industria siderúrxica (concesión Alcoa), cun peirao principal e outro auxiliar e dous diques de abrigo.

Tal como se detalla na Memoria 2015 da A.P. de Ferrol–San Cibrao, no porto de Ferrol existen as instalacións para tráficoes específicos que se detallan de seguido:

- Endesa Puerto Interior (concesión extinguida e en proceso de retirada de maquinaria).
- Endesa Porto Exterior.
- Infinita Renovables, S.A. (actualmente, Gsaoliberia, S.A.).
- Estabán, Biocombustibles de Galicia S.A. (concesión extinguida, en proceso de comercialización pola AP).
- Forestal do Atlántico, S.A.
- Ferrol Container Terminal, S.L.U.
- Regasificadora del Noroeste, S.A.

No porto de San Cibrao existen tamén as instalación para tráficoes específicos da empresa Alúmina Española, S.A.

Outro dos factores que afectan ao desenvolvemento portuario é o relativo ás infraestruturas de transporte interior. O Plan Estratéxico 2007-2015 da Autoridade Portuaria de Ferrol–San Cibrao sinala que a

rede viaria asociada ao Porto de Ferrol artellarase en torno a seis eixos básicos:

- O acceso Norte ao Porto interior de Ferrol pola conexión da AP-9.
- Acceso Sur ao Polígono de Río do Pozo.
- Vial de acceso ao Porto Exterior.
- Vial de conexión da C-642 co polígono industrial "Ensenada da Gándara".
- Ronda Oeste de Fene.
- Vía de Alta Capacidade de Ares e Mugardos.

En relación coas infraestruturas ferroviarias, o Porto de Ferrol conecta directamente coa estación de ferrocarril da cidade, a través da que, e mediante o ramal Ferrol-Betanzos, se establece a conexión co resto do Estado. Esta liña é de ancho Renfe, non hai liña FEVE, aínda que esta si chega á estación de Ferrol.

Co obxecto de potenciar o porto interior de Ferrol, no ano 2013 púxose en marcha o proxecto para a mellora e modernización do seu enlace ferroviario, para ampliar a intermodalidade dos peiraos.

No 2014 chega o primeiro tren de mercadorías á nova terminal. A actuación consistiu na execución dunha vía de conexión e un novo apartadeiro entre o acceso ferroviario ao porto interior e a entradas aos peiraos, e unha praia de vías na parte traseira do peirao de Cerramento Norte que é a nova terminal ferroviaria.

No caso das instalacións deportivas, o número total de atraques para embarcacións deportivas é de 1.438, dos que 612 atraques corresponden a instalacións dependentes da A.P. de Ferrol-San Cibrao e 826, a instalacións dependentes de Portos de Galicia, como recolle o **cadro 3.2.15**.

Solo empresarial

Previo á análise do solo para actividades empresariais de Ferrol e a súa área de in-

Informe sobre FERROL e a súa área

Solo empresarial en funcionamento 2015

			Sup. bruta urbanizada	Sup. neta urbanizada
Nome da área			(Has.)	(Has.)
Ferrol e área de influencia			724,8	441,9
Cedeira	Parque Empresarial de A Trabe	XESTUR A CORUÑA	10,3	5,9
Fene - Cabanas	Polígono Industrial Vilar do Colo - Fases I e II	SEPES	92,3	54,5
Ferrol - Narón	Polígono Industrial Ensenada Da Gándara	SEPES	88,0	50,5
Ferrol	Polígono Industrial da Gándara	SEPES	45,7	27,4
Narón	Parque Empresarial Río do Pozo- FASE I	SEPES	59,6	36,1
Narón	Parque Empresarial Río do Pozo- FASE II	SEPES	37,7	28,6
Narón	Parque Empresarial Río do Pozo- FASE III	SEPES	51,3	31,1
Narón	Parque Empresarial Río do Pozo- FASE IV	SEPES	93,6	66,5
Ortigueira	Parque Empresarial de Culíña	XESTUR A CORUÑA	23,3	12,3
Pontedeume	Polígono Industrial de O Vidreiro	IGVS	11,3	7,6
Pontes de García Rodríguez (As)	Parque Empresarial de Penapurreira I - Fase A	XESTUR A CORUÑA	25,1	18,3
Pontes de García Rodríguez (As)	Parque Empresarial de Penapurreira I - Fase B	XESTUR A CORUÑA	19,5	11,7
Pontes de García Rodríguez (As)	Parque Empresarial de Penapurreira I - Fase C	XESTUR A CORUÑA	32,5	20,5
Pontes de García Rodríguez (As)	Polígono Industrial Os Airíos	CONCELLO DE AS PONTES	23,3	14,6
Pontes de García Rodríguez (As)	Polígono Industrial Os Airíos (Ampliación)	CONCELLO DE AS PONTES	23,0	14,0
Somozas (As)	Parque Empresarial de As Somozas - Fase I e II	IGVS	88,4	42,3

Fonte: IGVS

Solo empresarial en tramitación 2015

			Sup. bruta urbanizada	Sup. neta urbanizada
Nome da área			(Has.)	(Has.)
Ferrol e área de influencia			358,9	205,5
Ferrol	Plataforma Logística, Empresarial e Portuaria de Ferrol (Mandiá) - Fase I	IGVS- A. P. FERROL	94,0	56,4
Ferrol	Plataforma Logística, Empresarial e Portuaria de Ferrol (Mandiá) - Fase II	IGVS- A. P. FERROL	82,7	49,6
Ferrol	Parque Empresarial de San Pedro de Leixa	SEA S.L.	90,1	50,1
Pontes de García Rodríguez (As)	Parque Empresarial de Penapurreira II	XESTUR A CORUÑA / CONCELLO	92,2	49,4

Fonte: IGVS

3.2.16.

Solo empresarial 2015: oferta prevista

Actuacións previstas PSOAE (1)			
	Nome da área	Promotor	Superficie total (Ha)
Cabana de Bergantiños	Área de Alta Capacidade Industrial, Tecnolóxico e Comercial Costa da Morte-Acitech	Concello	89,1
Fene - Cabanas	Polígono industrial Vilar do Colo (ampliación)	SEPES	70,0
Ferrol	Plataforma logística, empresarial e portuaria de Ferrol (Mandiá) - fase I	IGVS/AP. Ferrol	94,0
Ferrol	Plataforma logística, empresarial e portuaria de Ferrol (Mandiá) - fase II	IGVS/AP. Ferrol	82,7
Ferrol	Parque empresarial de san Pedro de Leixa	SEA	90,1
As Pontes de García Rodríguez	Parque empresarial de Penapurreira II	XESTUR	92,2
Valdoviño - Narón	Polígono industrial a Boeira	SEPES	140,0

(1) Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais
Fonte: IGVS

3.2.17.

fluencia, é fundamental dar conta da aprobación definitiva en maio de 2014 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten entre as súas funcións e obxectivos a de establecer as reservas de solo necesarias para cubrir os déficits de solo empresarial, baixo criterios de sustentabilidade e en congruencia co modelo territorial establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).

Ferrol e a súa área de influencia contan na actualidade cun total de 16 actuacións no ámbito dos parques empresariais ou polígonos industriais en funcionamento, que suman un total de 441,9 hectáreas de superficie neta urbanizada (**cadro 3.2.16.**).

A SEPES, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Xestur teñen tres parques empresariais cada un, sendo o concello de As Pontes o promotor do Polígono industrial de Os Airíos. En termos de superficie neta do parque, o principal promotor de solo industrial é o SEPES, con 294,6 hectáreas, o 66,7% do total ofertado, seguido polo IGVS, con 99,7 hectáreas, o 22,6%.

No anos 2015 estaban en tramitación 3 actuacións, con 205,5 hectáreas de superficie neta, das que o 76% corresponde ás fases I e II da Plataforma Loxística e Portuaria de Ferrol e co parque empresarial de San Pedro de Leixa, tamén no concello de Ferrol.

Os principais elementos a ter en conta á hora de decidir a localización empresarial nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal son os relativos á man de obra e ás comunicacións. Segundo se recolle no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais de 2014, estes factores acadan unha puntuación de 7,7 e 7,5 sobre 10, respectivamente. Pola contra, os menos determinantes son os factores da formación e os persoais, cunha valoración de 6,2 e 6,2 puntos.

Unha análise máis desagregada sitúa ao acceso á rede de estradas de alta capacidade como o factor máis importante, cunha puntuación media de 8,2 na área funcional de Ferrol, dous décimas menos que a media galega, seguido pola existencia de man de obra, tanto altamente cualificada como operativa, con 7,7 puntos (7,4 no conxunto da comunidade autónoma) ao igual que o nivel salarial/custo da man de obra (7,2 puntos en Galicia).

No que atinxe ás características que debe posuír o solo industrial, os empresarios sitúan como as máis valoradas en Ferrolterra, ao igual que para o conxunto de Galicia, as infraestruturas de comunicacións e a rede viaria, iluminación e pavimento, con 9,1 e 8,4 puntos sobre 10, respectivamente (9,2 e 8,8 de media en Galicia). De xeito máis detallado, a cobertura de telefonía móbil, a rede de comunicacións de fibra óptica/banda ampla e a recollida de lixo presentan unha valoración superior a nove puntos, seguido do subministro de auga potable, rede eléctrica de media e baixa tensión con subestación propia, e da iluminación dos parques.

Infraestruturas sanitarias

O Sistema Nacional de Saúde estrutúrase en dous niveis asistenciais: a atención primaria e a especializada, delimitado territorialmente polas Áreas de Saúde, que se definen como as estruturas fundamentais responsables da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servizo de Saúde da Comunidade Autónoma.

O modelo de xestión dos recursos e coordinación entre os distintos niveis asistenciais é a denominada Xestión Sanitaria Integrada, modelo organizativo baseado no desenvolvemento de estruturas de xestión, que permite a organización e xestión dos recursos sanitarios nun territorio determinado de forma integral, responsabilizándose tanto

Estratexia Sergas 2014: obxectivos estratéxicos

Saúde demandas dos cidadáns

Promove-la saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos

Calidade e seguridade

Garantir a prestación de servizos no lugar e momento axeitados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos

Profesionais

Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais

Información

Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións

Sector sanitario coma creador de valor

Facer que o sector sanitario actúe coma motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con tódolos axentes implicados

Eficiencia

Xestiona-los recursos de forma responsable e eficiente

Infraestruturas

Modernización das infraestruturas sanitarias

Fonte: *Sergas*

■ 3.2.18.

clínica como economicamente dos resultados de saúde desta poboación. A Área Sanitaria de Ferrol, formada por 20 concellos, representa o primeiro intento de crear unha Xerencia Integrada no sistema Sanitario Público de Galicia, sendo, dende a súa constitución no ano 2005³, unha referencia para a avaliación da efectividade e da eficiencia deste modelo de xestión.

Previo a análise das principais dotacións sanitarias en Ferrol e na súa área de influencia, un aspecto importante a ter en conta é o marco de planificación estratéxica integrado pola Estratexia Sergas 2014, **cadro 3.3.18.**, a Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e a recente revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2014-2016.

Na Estratexia Sergas 2014 inclúese a creación das áreas de xestión clínica, consideradas como estruturas organizativas

multidisciplinares, que incorporan e implican ao profesional sanitario na xestión eficiente dos recursos utilizados na práctica clínica. As ditas áreas de xestión clínica sométense ao Decreto 36/2014, de 20 de marzo, polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde.

Por outra banda, no antedito Plan de Prioridades Sanitarias 2014-2016, obsérvase unha oportunidade de mellora na Estructura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Ferrol en relación a avaliación do proxecto piloto de detección precoz de cancro colorrectal.

Segundo a ordenación territorial da sanidade de Galicia, organizada en áreas sanitarias, os 20 concellos analizados pertencen á área sanitaria de Ferrol. A poboación con tarxeta sanitaria asignada no ano 2014, último dispoñible, na área de Ferrol ascendeu a 184.420 persoas, tal como aparece no **cadro 3.2.19.**, o que supón o 6,7% do total de poboación con tarxeta sanitaria asignada en Galicia. O 26% desas persoas teñen máis de 64 anos, porcentaxe que supera o 40% en concellos interiores como Moeche ou Mañón.

3 Decreto 15/2005, do 3 de febreiro, de constitución da Área Sanitaria de Ferrol.

Poboación con tarxeta sanitaria asignada 2014

	Tramos de idade			
	Total	De 0 a 14	De 15 a 64	Máis de 64
Total Área	184.420	19.866	117.033	47.521
Ares	4.810	538	3.033	1.239
Cedeira	6.906	728	4.223	1.955
Fene	14.570	1.649	9.151	3.770
Ferrol	64.951	7.102	41.642	16.207
Moeche	1.098	-	639	459
Mugardos	4.598	419	2.851	1.328
Narón	35.259	4.568	23.190	7.501
Neda	5.155	624	3.068	1.463
San Sadurniño	2.808	310	1.610	888
As Somozas	1.076	83	665	328
Valdoviño	5.751	557	3.414	1.780
Cabanas	2.416	-	1.528	888
A Capela	1.224	-	804	420
Monfero	1.861	102	1.077	682
Pontedeume	8.409	1.181	5.367	1.861
As Pontes	10.940	1.061	7.523	2.356
Cariño	3.904	341	2.327	1.236
Cerdido	1.209	77	671	461
Mañón	1.197	-	693	504
Ortigueira	6.278	526	3.557	2.195

Fonte: Sergas

■ 3.2.19.

Todos os concellos da área teñen como referencia o complexo hospitalario da área sanitaria, que está formado polo Hospital Arquitecto Marcide, o Hospital Novoa Santos, o Hospital Básico de Defensa e o Centro de Especialidades, integrado dentro do Hospital Arquitecto Marcide na súa zona oeste. É un complexo de dependencia patrimonial pública pertencente á rede asistencial do Servizo Galego de Saúde, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

No polígono de Río do Pozo atópase o arquivo activo de historias clínicas e o seu uso faise mediante traslados diarios dende e cara a este.

Dentro da demarcación da área de Ferrol, está situado o Hospital Juan Cardona, que pertence á congregación do Santo Hospital de Caridad, con 269 camas concertadas co Sergas, segundo necesidades.

O número de camas instaladas nos devanditos hospitais de Ferrol e a súa área de influencia (**cadro 3.2.20.**) ascende a 435, das que 398 están en funcionamento, o que

supón unha rateo de 2,2 camas en funcionamento por cada 1.000 habitantes con tarxeta sanitaria asignada.

No concernente á atención primaria, no conxunto de Ferrol e a súa área de influencia hai un total de 26 centros de saúde e 8 consultorios.

En relación aos principais indicadores de recursos humanos, o **cadro 3.2.21.** reflicte que, en termos absolutos, no ano 2015 a área de Ferrol conta cun total de 170 médicos (medicina xeral, incluíndo aos MIR), o que supón o 6,6% dos médicos de Galicia, 158 ATS/DUE (7,4%) e 25 pediatras (7,7%). É importante destacar que estas porcentaxes son similares ás rexistradas no ano 2008 (7,2%, 7,5%, e 7,8%, respectivamente) e similares tamén ao peso relativo da poboación de Ferrol e a súa área de influencia no total galego.

Se a análise se fai en termos por habitante, hai que ter en conta que o grao de avellentamento e a dispersión poboacional deter-

Informe sobre FERROL e a súa área

Recursos físicos no hospital de Ferrol 2013-14

	2013	2014
Camas		
Instaladas	435	435
Funcionando	401	398
Quirófanos		
Instalados	12	12
Funcionando	12	12
Paritorios	2	2
Salas de consultas externas	85	86
Equipos de alta tecnoloxía		
TAC	3	3
RMN	1	1

Fonte: Sergas

3.2.20.

Recursos humanos en atención primaria 2008 e 2015 ⁽¹⁾

	2008 ⁽²⁾			2015 ⁽³⁾		
	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área
Médico xeral	2.261	785	164	2.569	910	170
Ats/du	2.021	690	152	2.139	756	158
Auxiliar de enfermería	277	78	13	240	74	14
Celador	480	178	54	386	149	48
Función administrativa	997	385	71	1.058	403	75
Asistente social	57	20	4	77	30	7
Farmacéutico	62	24	6	69	27	7
Fisioterapeuta	101	50	10	126	57	10
Matrona	145	69	13	149	72	13
Odontólogo	101	37	9	100	39	9
Pediatra	322	139	25	326	138	25
Psicólogo	1	-	-	-	-	-
Técnico especialista	66	28	8	85	36	9
Persoal de oficios	52	24	4	38	19	5
Facultativo especialista de área	6	3	1	1	-	-

(1) Nos datos están incluídas: as unidades de primaria, unidades de apoio e unidades de urxencia

(2) Os datos do ano 2008 teñen como data de referencia 24/04/2008

(3) Os datos do ano 2015 teñen como data de referencia 31 de decembro e os médicos xerais inclúen os MIR

Fonte: IGE

3.2.21.

Recursos humanos en atención primaria e atención hospitalaria 2016 ⁽¹⁾

	Atención primaria		Atención especializada	
	Persoal facultativo	Persoal sanitario non facultativo	Persoal facultativo	Persoal sanitario non facultativo
A Coruña	552	504	851	3.188
Santiago	500	520	916	2.729
Pontevedra-Salnés	316	332	544	1.730
Vigo	582	647	810	2.963
Ferrol	217	244	330	965

(1) Media diaria, dato acumulado dende 1 de xaneiro ata 30 de setembro de 2016. Excluído o persoal en formación.

Fonte: Sergas

3.2.22.

minan de xeito importante a asignación de recursos. Neste senso, e como xa se analizou no capítulo 2.2. *Demografía*, Ferrol e a súa área de influencia presenta unha elevada densidade de poboación (126,2 hab/km²), así como un índice de envellecemento da poboación superior ao galego, de xeito que en Ferrol e na súa área de influencia a poboación maior de 64 anos é un 175,5% superior á menor de 20 anos (150,1% no conxunto de Galicia), de xeito que máis do 25% da súa poboación ten unha idade superior aos 64 anos.

O **cadro 3.2.22.** mostra os datos de recursos humanos, en termos de medias diarias, tanto no ámbito da atención primaria como especializada.

Os datos acumulados dende xaneiro ata o 30 de setembro de 2016 reflicten como a estrutura de xestión sanitaria integrada de Ferrol (EOXI) é a que conta cunha menor media diaria tanto de persoal facultativo como de persoal sanitario non facultativo, tanto no eido da atención primaria coma da atención especializada, das cinco EOXI nas que se divide Galicia. Máis débese ter en conta que cada unha das estruturas da xestión teñen unha carteira de servizos diferente, sendo as de A Coruña, Santiago e Vigo as de máis ampla carteira de servizos e maior poboación de referencia.

Atendendo á previsión de investimentos reais nas principais infraestruturas sanitarias da área, cómpre salientar que o Sergas contempla nos orzamentos para o ano 2016 un investimento de un millón de euros para a realización de obras incluídas no Plan director do Hospital Universitario de Ferrol, (antigo Arquitecto Marcide).

As previsións de gasto no orzamento para 2016, na área de xestión integrada de Ferrol, son de 125 millóns de euros na atención especializada (programa orzamentario 412A) e de 85,5 millóns de euros na atención prima-

ria (programa orzamentario 412B). O orzamento de gasto complétase coa dotación de 2,7 millóns de euros para a formación de graduados e posgraduados (414A)

Equipamentos de servizos sociais

Segundo os datos facilitados polo IGE, a 1 de xaneiro de 2015 había en Ferrol e a súa área de influencia un total de 112 centros con permiso de inicio de actividade de **prestación de servizos sociais**, dos que 41 son centros de iniciativa social, 49 son centros públicos e 22 son centros privados con ánimo de lucro.

Desde a perspectiva do número de prazas autorizadas, o **cadro 3.2.23.** amosa que os 112 centros existentes nesa data ofertaban un total de 5.110 prazas. Comparado co conxunto de Galicia, Ferrol e a súa área de influencia acolle o 6,8% dos centros e o 7,1% das prazas autorizadas.

Desagregando os diferentes tipos de áreas de atención, o **cadro 3.2.24.** indica que Ferrol e a súa área de influencia conta con 40 centros de atención á infancia, que ofertan un total de 2.024 prazas, das que 1.107 son prazas públicas. Dos ditos 40 centros de atención á infancia, 34 son escolas infantís (1.857 prazas autorizadas totais). Asemade, a área conta con 33 centros de atención ás persoas maiores, con 1.788 prazas autorizadas, das que 748 son prazas públicas, ademais localízanse na área de Ferrol, 19 centros para persoas con discapacidade (937 prazas) ou 5 centros de atención a menores (155 prazas).

No que respecta ás prazas de atención á infancia, en Ferrol e na súa área de influencia no ano 2015 estaban empadroados 8.253 nenos menores de 6 anos, o que supón 3,7 nenos por cada praza autorizada, rateo que se eleva considerablemente, ata os 7,5 nenos, cando se teñen en conta as prazas de titularidade pública.

Informe sobre FERROL e a súa área

Centros prestadores de servizos sociais 2015 (1): distribución segundo titularidade

	Centros				Prazas			
	Totais	Privada con ánimo de lucro	Pública	Social	Totais	Privada con ánimo de lucro	Pública	Social
Ferrol e a súa área	112	22	49	41	5.110	1.085	2.482	1.543
Ares	2	-	2	-	96	-	96	-
Cedeira	6	1	1	4	129	12	58	59
Fene	6	2	2	2	202	88	61	53
Ferrol	44	6	20	18	2.473	449	1.226	798
Moeche	1	1	-	-	30	30	-	-
Mugardos	1	-	1	-	41	-	41	-
Narón	24	6	8	10	1.144	355	408	381
Neda	-	-	-	-	-	-	-	-
San Sadurniño	3	1	2	-	96	24	72	-
As Somozas	1	1	-	-	12	12	-	-
Valdoviño	2	1	1	-	32	12	20	-
Cabanas	3	-	3	-	217	-	217	-
A Capela	-	-	-	-	-	-	-	-
Monfero	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontedeume	4	1	1	2	147	12	41	94
As Pontes	7	2	3	2	285	91	121	73
Cariño	-	-	-	-	-	-	-	-
Cerdido	-	-	-	-	-	-	-	-
Mañón	2	-	1	1	35	-	20	15
Ortigueira	6	-	4	2	171	-	101	70
Total Galicia	1.640	495	601	544	71.513	23.452	25.992	22.069

(1) centros con permiso de actividades provisional ou definitivos
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

3.2.23.

Estas rateos son lixeiramente inferiores á media galega, que no ano 2015 era de 4,1 nenos menores de 6 anos por cada praza autorizada en centros infantís e de 7,7 nenos por cada praza de titularidade pública.

Equipamento educativo

En 2015 en Ferrol e a súa área de influencia había un total de 98 **centros educativos** de réxime xeral (**cadro 3.2.25.**), o que representa o 6,9% dos centros galegos.

Como se recolle no **cadro 3.2.26.**, entre os anos 2008 e 2015 prodúcese un descenso xeneralizado do número de centros, tanto no caso dos centros públicos como privados.

En canto ao número de unidades en funcionamento en centros docentes sostidos con fondos públicos, os 20 concellos analizados

contan con 1.016 unidades, o que representa o 7,1% das unidades públicas en funcionamento en Galicia e o 17,3% das totais da provincia de A Coruña.

Atendendo á rateo alumnado por centro educativo, os centros públicos da área de Ferrol contan, de media, con 265 alumnos, fronte aos 255 de media no conxunto de Galicia. Se a relación se fai entre o número de alumnos e as unidades en funcionamento de titularidade pública, esta rateo acada os 20 alumnos en Galicia fronte aos 19,8 en Ferrol e a súa área de influencia.

Xunto aos centros de réxime xeral, Ferrol conta cun campus universitario da Universidade pública da Coruña (UDC), onde se localizan a Escola Politécnica Superior, a Escola Universitaria de Deseño Industrial, a Escola Universitaria Politécnica, a Facultade de Ciencias do Traballo, a Facultade de En-

Centros sociais na área de Ferrol 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo área de atención e tipo de centro

	Centros	Prazas autorizadas totales	Prazas públicas
Comunidade	6		
Centro social	6		
Discapacidade	19	937	495
Centro ocupacional	6	336	
Centro de día	5	310	
Residencia discapacitados gravemente afectados	4	200	
Residencia discapacitados gravemente afectados. Atención diurna			
Residencia discapacitados adultos	2	83	
Residencia discapacitados adultos. Atención diurna			
Vivenda / piso tutelado	2	8	
Familia	1	-	
Residencia			
Punto encontro familiar	1		
Inclusión	8	206	
Comedor social	1	139	
Centro acollida básico	1	10	
Centros de día	1		
Albergue	1	42	
Centro acollida - apoio social a procesos terapéuticos			
Centro acollida - transición á vida autónoma	4	15	
Infancia	40	2.024	1.107
Escola Infantil	34	1.857	
Ludoteca	1	40	
Puntos Atención Infancia (PAI)	3	60	
Espazo infantil	2	67	
Maiores	33	1.788	748
Centro de día	12	459	
Gran centro residencial	5	815	
Vivenda comunitaria	4	48	
Residencia	2	219	
Centro de día - Alzheimer	1	40	
Minirresidencias	5	207	
Fogar residencial	,		
Fogares e clubs	4		
Menores	5	155	132
Centros de día	1	75	
Centro con fogares	2	57	
Minirresidencias	1	15	
Vivenda / Piso tutelado			
Casa de familia	1	8	

(1) centros con permiso de inicio de actividade a 1 de xaneiro
 Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

3.2.24.

Informe sobre FERROL e a súa área


Centros de réxime xeral en funcionamento 2015: distribución segundo concellos e ensinanzas que imparten

	Total	Educación infantil	Educación infantil e primaria	Educación primaria e ESO	ESO e / ou postobrigat.	Educación primaria, ESO e postobrigat.	Adultos	Educación especial
Ferrol e área funcional	98	2	45	18	25	4	-	4
Ares	1	-	-	1	-	-	-	-
Cedeira	2	-	1	-	1	-	-	-
Fene	8	1	4	2	1	-	-	-
Ferrol	36	-	13	7	13	1	-	2
Moeche	1	-	1	-	-	-	-	-
Mugardos	5	1	2	-	1	1	-	-
Narón	13	-	6	3	2	1	-	1
Neda	3	-	2	-	1	-	-	-
San Sadurniño	1	-	-	1	-	-	-	-
As Somozas	1	-	1	-	-	-	-	-
Valdoviño	2	-	1	1	-	-	-	-
Cabanas	1	-	1	-	-	-	-	-
A Capela	1	-	1	-	-	-	-	-
Monfero	1	-	-	1	-	-	-	-
Pontedeume	8	-	4	1	2	1	-	-
As Pontes	7	-	3	1	2	-	-	1
Carliño	2	-	1	-	1	-	-	-
Cerdido	1	-	1	-	-	-	-	-
Mañón	1	-	1	-	-	-	-	-
Ortigueira	3	-	2	-	1	-	-	-
A Coruña	554	69	240	55	143	33	-	14
Galicia	1.416	154	638	169	351	68	2	34

Fonte: IGE

3.2.25.

Centros de réxime xeral en funcionamento 2008-15: distribución segundo titularidade



Fonte: IGE

3.2.26.

Incidencia do uso das novas tecnoloxías 2014

	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área
Persoas			
Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses	60,95	63,17	57,53
Persoas que utilizaron internet nos 3 últimos meses	62,32	64,07	58,89
Persoas de 16 ou máis anos que empregaron internet para realizar xestións	41,04	44,38	39,67
Persoas de 16 ou máis anos que empregaron internet para obter información	39,37	42,84	38,82
Persoas de 16 ou máis anos que empregaron internet para descargar formularios oficiais	32,23	35,3	27,68
Persoas de 16 ou máis anos que empregaron internet para enviar formularios cubertos	35,04	37,02	33,74
Fogares			
Fogares con ordenador	64,23	66,91	63,96
Fogares con conexión a internet contratada	63,15	64,00	59,95

(1) a incidencia calcúlase (no caso de fogares) como a porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet sobre o total de fogares en cada área de Galicia

Fonte: IGE

3.2.27.

Situación da banda larga en 2015: distribución segundo concello

	Investimento		Poboación con banda larga		Poboación con satélite	Poboación cuberta			
	investimento público	investimento total	2009	2015	polo PDBL	con redes sen fíos	con redes fixas	con redes NGA (100 Mbps)	
	(€)		(%)	(%)	(%)	(número de habitantes)			
Total	4.715.500	15.371.121	77,8	>98	<2	43.523	39.377	4.146	66.279
Ares	778.042	2.874.766	81,2	>98	<2	1.060	1.002	58	4.973
Cedeira	203.009	918.370	69,2	>98	2,1	2.181	2.153	28	4.855
Fene	165.185	809.138	86,9	>98	<2	1.826	1.826	-	7.349
Ferrol	122.205	340.309	87,8	>98	<2	8.935	8.801	134	-
Moeche	117.245	180.409	44,1	>98	<2	771	661	110	-
Mugardos	256.872	1.163.610	87,9	>98	<2	666	666	-	2.345
Narón	621.610	2.890.271	84,9	97,8	2,2	4.958	4.728	230	32.901
Neda	105.503	543.791	87,4	>98	<2	687	624	63	1.083
San Sadurniño	504.816	746.033	22,3	>98	<2	2.366	2.106	260	-
As Somozas	101.080	319.589	<2	97,5	2,5	1.308	1.130	178	-
Valdoviño	46.476	211.614	67	>98	<2	2.268	2.268	-	-
Cabanas	98.059	199.535	13,5	>98	<2	2.881	2.010	871	-
A Capela	155.700	204.101	30,6	94	6	888	670	218	-
Monfero	288.497	526.775	6,2	97	3	2.033	1.987	46	-
Pontedeume	224.517	1.170.195	86,4	>98	<2	1.122	1.122	-	3.923
As Pontes	400.602	1.187.258	80	>98	<2	2.024	1.986	38	8.850
Cariño	8.971	31.966	84,3	>98	<2	704	704	-	-
Cerdido	27.871	127.013	40,6	>98	<2	795	684	111	-
Mañón	195.905	322.415	23,8	>98	<2	1.203	756	447	-
Ortigueira	293.337	603.961	28,6	>98	<2	4.847	3.493	1.354	-

Fonte: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

3.2.28.

fermaría e Podoloxía e a Facultade de Humanidades e Documentación. Ao igual que acontece nas outras universidades galegas, o número de alumnos matriculados desce ao longo dos últimos anos, acadando no Campus de Ferrol os 2.121 alumnos no curso 2014–15, fronte aos 2.539 do curso anterior.

Telecomunicacións

A pesar da pronunciada mellora nos indicadores de equipamento e uso de tecnoloxías, Galicia está no ano 2015 no sexto posto entre as Comunidades Autónomas con menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet, cun 75,6% do total, por debaixo do 78,7% de media estatal. Así mesmo, o 75,2% das vivendas galegas con conexión a internet posúen banda ancha, fronte ao 77,8% de media estatal.

No que respecta á área obxecto de estudo, e tal como indica o **cadro 3.2.27.**, o 60% dos fogares da área de Ferrol teñen conexión a internet contratada, fronte ao 64% de media na provincia de A Coruña ou o 63,1% de media en Galicia. Así mesmo cabe destacar que 38.545 habitantes da área están cubertos con redes sen fíos e 4.148 por redes fixas, neste último caso a cobertura prevista polo Plan de banda larga para cada núcleo é de ao menos o 80% da poboación. Finalmente os núcleos de poboación con redes de nova xeración na área de análise son oito, cubrindo a 66.278 habitantes. A cobertura prevista polo Plan para cada núcleo é de ao menos o 50% da poboación.

En relación á cobertura de banda larga no territorio, no momento da posta en marcha do plan de banda larga de Galicia no ano 2009, a cobertura media nos concellos da área de Ferrol era do 77,8% da poboación, con amplas variacións por concellos, superando o 80% en concellos como Ares, Ferrol, Fene, Mugardos, Neda ou

Pontedeume, entre outros, mentres que concellos como Cabanas non acadaba o 15% da súa poboación con cobertura de banda larga. Os datos recollidos no **cadro 3.2.28.** amosan que no ano 2015, a media de poboación cuberta na área é do 98%, superando en todos os concellos da área o 90% de poboación cuberta.

Infraestruturas enerxéticas

A potencia total xerada polas centrais enerxéticas instaladas en Ferrol e a súa área de influencia ascende a 2,82 Gw, segundo os datos publicados polo Inega referidos a outubro de 2014. Atendendo á distribución segundo tipo de central, o **cadro 3.2.29.** reflicte que no territorio obxecto de estudo hai un total de sete centrais de coxeración de réxime especial, cunha potencia global de 57.962 Kw, o que representa o 9,5% da potencia instalada en Galicia.

O grupo 1, 2, 3, 4 e 5 da central termoeléctrica de As Pontes de García Rodríguez acadan unha potencia de 1,4Gw para os grupos con combustible lignito pardo e carbón importado e de 855.670 Kw para o grupo 5 de gas natural e gasóleo. A potencia instalada nas centrais termoeléctricas da área de análise supón máis do 70% do total instalado en Galicia.

Dúas das tres centrais de residuos en réxime especial instaladas en Galicia están localizadas na área de Ferrol, cunha potencia de case 17.000 Kw, o 25% do total galego.

Os 17 parques eólicos instalados en concellos da área de Ferrol suman un total de 340.460 Kw, a central hidráulica do Eume dispón dunha potencia instalada de 54.400 Kw e as dez minicentrais acadan os 6.655 Kw de potencia.

Finalmente, no que atinxe ás centrais fotovoltaicas, as 10 centrais xeran unha potencia de 430 Kw.

Xeración de enerxía eléctrica 2016: distribución segundo tipo de central e concello

	Potencia (en kW)	Combustible
Centrais de coxeración		
Mugardos	24.800	Fuel óleo
San Sadurniño	24.800	Fuel óleo
Cariño	2.684	Gasóleo
Pontedeume	2.384	Gasóleo
Narón	2.060	Gas natural
Neda	1.000	Gas natural
Ferrol	234	Gasóleo
Centrais termoeléctricas en réxime ordinario		
As Pontes de García Rodríguez - grupo 1	350.990	Lignito pardo, carbón importado
As Pontes de García Rodríguez - grupo 2	351.060	Lignito pardo, carbón importado
As Pontes de García Rodríguez - grupo 3	350.260	Lignito pardo, carbón importado
As Pontes de García Rodríguez - grupo 4	350.880	Lignito pardo, carbón importado
CTCC As Pontes - grupo 5	855.670	Gas natural, gasóleo
Centrais de residuos en réxime especial		
As Somozas	1.203	Gas de pneumáticos
As Somozas	15.680	Resíduos oleosos
Parques eólicos en réxime especial		
Os Corvos e Coucepenido	33.000	Cedeira
Touriñán IV	24.650	Monfero, Irixoa, Aranga
Caxado	24.420	As Pontes
Faladoira	24.420	Mañón, Ortigueira
Forgoselo	24.420	A Capela, San Sadurniño
Pena da Loba	24.420	As Pontes, Mañón
Coriscada	24.000	Mañón, Ortigueira
Monte Villalbesa	23.800	As Somozas
Coto Teixido I F	23.100	Mañón, Ortigueira, As Pontes
Novo	18.750	Valdoviño, Narón
Serra da Panda (Coriscada II)	18.480	Mañón, Ortigueira
A Capelada	16.500	Cariño, Cedeira, Ortigueira
A Capelada II	14.850	Cariño, Cedeira, Ortigueira
Monte da Serra	14.400	As Somozas
Monte Marbán	11.400	As Somozas
Requeixo	10.500	As Somozas
Monte Rande	9.350	Ortigueira
Carballeira	19.140	As Pontes
Sotavento	5.410	Monfero
San Xoán	11.550	As Pontes
Ampliación Serra da Loba (Pena Revolta)	11.620	Monfero, Aranga
Parque eólico singular en réxime especial		
Ortigueira	2.900	Ortigueira
Monte das Augas	3.000	As Somozas
Nº centrais		
Centrais fotovoltaicas en réxime especial		
Ares	5,00	1
Fene	17,64	1
Ferrol	75,00	4
Moeche	5,00	1
Narón	128,70	4
Neda	5,00	1
San Sadurniño	12,10	3
As Somozas	54,60	3
Valdoviño	17,40	3
As Pontes	59,60	3
Cariño	96,00	1
Cerdido	20,00	1
Ortigueira	15,00	1

Informe sobre FERROL e a súa área

● ● (ven da páxina anterior)

		Concello
Central grande hidráulica		
Eume	54.400	As Pontes
Centrais minihirráulicas		
Presa da Ribeira	5.940	As Pontes
Ferrerías (Forcadas)	1.967	Valdoviño
Fervenza	1.517	Narón-Fene
San Bartolomé	1.240	Monfero
C.H. do río Baxoi ou Anduriña	880	Monfero e Vilamaior
Naraio	315	San Sadurniño
Chimparra	302	Reboredo-Cedeira
Presa del Rey, pie de presa	200	Neda
Pombeiro (Couce)	154	Cerdido
Cabalar	60	A Capela
Currás (Curras Esmelle)	20	Ferrol

Fonte: INEGA (actualizados a outubro de 2014)

■ 3.2.29.b

Infraestruturas de saneamento

A análise das infraestruturas de saneamento nos 20 concellos incluídos na área obxecto de estudio baséase na aplicación da Directiva 91/271, de 21 de maio, en canto sinala que, como máximo no ano 2005, todas as aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes (h-e) deben de dispoñer dun sistema de tratamento secundario.

Tal como se mostra no **cadro 3.2.30.**, no concello de Ares sitúase a EDAR de Chanteiro, deseñada para 52.000 h-e e que sanea unha aglomeración de 29.318 h-e. dos concellos de Ares, Mugardos e Fene. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

No concello de Pontedeume sitúase a EDAR de Cabanas – Pontedeume, deseñada para 15.000 h-e. e que sanea unha aglomeración de 14.507 h-e dos concellos de Cabanas e Pontedeume. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

O concello de Cariño conta cunha EDAR deseñada para 8.268 h-e e sanea unha aglomeración de 4.736 h-e. No ano 2015 cumpriu as esixencias de vertido establecidas na Directiva 91/271.

O concello de Cedeira conta cunha EDAR deseñada para tratar 10.395 h-e e sanea unha aglomeración de 7.822 h-e. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

O concello de Ferrol conta cunha EDAR (Cabo Prioriño) deseñada para tratar 367.633 h-e. A aglomeración saneada serían 178.139 h-e. dos concellos de Ferrol e Narón. Nesta EDAR non se puxeron en funcionamento tódalas fases do tratamento e non se se dispón de analíticas para o ano 2015. Polo tanto nese ano esta EDAR non estaría cumprindo as esixencias establecidas na Directiva 91/271.

O concello de Neda conta cunha EDAR deseñada para tratar 5.000 h-e e sanea unha aglomeración de 4.163 h-e. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

O concello de Ortigueira conta cunha EDAR deseñada para tratar 5.000 h-e e sanea unha aglomeración de 3.107 h-e. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

O concello de As Pontes conta cunha EDAR

Estado do saneamento no 2015 respecto á Directiva 91/271: distribución segundo concello

	Aglomeración	Poboación	Cumprimento da normativa 91/271
Ares, Mugardos e Fene	29.318	52.000	✓
Cabanas e Pontedeume	14.507	15.000	✓
Cariño	4.736	8.268	✓
Cedeira	7.822	10.395	✓
Ferrol e Narón	178.139	367.633	X
Neda	4.163	5.000	✓
Ortigueira	3.107	5.000	✓
As Pontes	15.936	20.000	✓
As Somozas	<2.000	3.000	non aplica
Valdoviño	4.139	8.000	X

Os concellos de A Capela, Cerdido, Mañón, Moeche, Monfero, San Sadurniño, non son controladas por Augas de Galicia ao ser inferiores aos 2.000 h.e. Nin aplicarían os requirimentos de vertido da Directiva 91/271

Fonte: Augas de Galicia

■ 3.2.30.

deseñada para tratar 20.000 h-e e sanea unha aglomeración de 15.936 h-e. No ano 2015 cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

O concello de As Somozas conta cunha EDAR deseñada para tratar 3.000 h-e. Sen embargo a poboación saneada na aglomeración é menor a 2.000 h-e. polo que non está suxeita as esixencias da Directiva 91/271.

O concello de Valdoviño conta cunha EDAR deseñada para tratar 8.000 h-e e sanea unha aglomeración de 4.319 h-e. No ano 2015 non cumpriu os límites de vertido establecidos pola Directiva 91/271.

Infraestruturas xudiciais

O "Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010–2015", partindo da realidade existente en 2009, abrangue o inicio das actuacións ou a súa planificación e ten en conta as proxeccións de crecemento da planta xudicial. Este plan contempla dúas fases para a realización das distintas obras: unha primeira fase que recolle as necesidades a curto prazo (2010–

13) e unha segunda, 2014–15, coas necesidades a medio prazo.

Tal e como reflicte o **cadro 3.2.31.**, das 45 unidades territoriais nas que se organiza a Administración de Xustiza en Galicia, os concellos de Ferrol e a súa área de influencia están repartidos en 3 partidos xudiciais: Ferrol, Ortigueira e Betanzos.

Na primeira fase do devandito plan recollíase o acondicionamento para o futuro xulgado de Betanzos cun importe de 180.000 euros e a construción do novo edificio xudicial de Ferrol, que tiña asignado un presuposto de tres millóns de euros, cantidade semellante á prevista para a mesma actuación na segunda fase do Plan. Xunto a estas obras, o plan recolle investimentos por valor de 3,2 millóns de euros para obras menores de mantemento, dos que o investimento previsto nos partidos xudiciais de Ferrol e a súa área de influencia ascende a 123.300 euros, o 3,8% do total de Galicia.

O **cadro 3.2.32.** reflicte que no período 2010–2015, o investimento previsto en in-

Informe sobre FERROL e a súa área

Partidos xudiciais

Partido xudicial	Concellos	
Ferrol	Ferrol	Ares
	Fene	Neda
	Narón	Mugardos
	Cabanas	A Capela
	San Sadurniño	As Somozas
	As Pontes	Valdoviño
Ortigueira	Cariño	Cedeira
	Moeche	Mañón
	Ortigueira	Cerdido
Betanzos	Pontedeume	Monfero

Fonte: Xunta de Galicia

3.2.31.

segundo partido xudicial

Obras de nova planta ou gran reforma		Importe
		(en euros)
Ferrol	Rehabilitación edificio antigo	2.224.000
	Novo edificio xudicial	3.000.000
	Remate obra xulgado Instancia 5 (Edificio novo)	18.294
Ortigueira	Reparación estrutura, albanelería e instalacións	90.000

Fonte: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

3.2.32.

Partido xudicial	Recursos humanos	
Ferrol	Xulgado de Primeira Instancia Nº1	7
	Xulgado de Primeira Instancia Nº2	7
	Xulgado de Primeira Instancia Nº3	7
	Xulgado de Primeira Instancia Nº4 (Rexistro Civil)	12
	Xulgado de Primeira Instancia Nº5	7
	Xulgado de Instrucción Nº1	7
	Xulgado de Instrucción Nº2 (Violencia sobre a Muller)	8
	Xulgado de Instrucción Nº3	7
	Decanato	2
	Xulgado do Penal Nº1	8
	Xulgado do Penal Nº2	6
	Xulgado do Social Nº1	8
	Xulgado do Social Nº2	8
	Xulgado do Contencioso Administrativo Nº1	5
	Fiscalía de Área de Ferrol	5
	Subdirección Territorial do Instituto de Medicina Legal de Galicia	7
Oficina de atención ao cidadán e asistencia á vítima	2	
Servizo común de actos de comunicacións e embargos	12	
Servicio común de apoio	4	
Ortigueira	Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº1	5
Betanzos	Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº1	7
	Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº2 (Rexistro Civil)	9
	Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº3	7
	Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº4	6
	Decanato	3

Fonte: Xunta de Galicia

3.2.33.

Equipamentos culturais 2015

	Espazos culturais			Espazos culturais / 1.000 habs.		
	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área
Total	5.569	2.151	230	2,04	1,91	1,17
Arquivos e bibliotecas	644	247	21	0,24	0,22	0,11
Aulas, salas de reunións e seminarios	1.206	554	34	0,44	0,49	0,17
Centros culturais e sociais	842	299	41	0,31	0,27	0,21
Cines	134	75	13	0,05	0,07	0,07
Galerías de arte e salas de exposición	394	164	14	0,14	0,15	0,07
Museos e centros de interpretación	301	102	8	0,11	0,09	0,04
Outros espazos	242	52	3	0,09	0,05	0,02
Palacios de exposicións e congresos	7	2	-	0,00	0,00	0,00
Salas de ensaio ou obradoiro	246	91	13	0,09	0,08	0,07
Salas de informática	395	164	22	0,14	0,15	0,11
Salóns de actos e polivalentes	1.112	379	57	0,41	0,34	0,29
Teatros, auditorios e similares	46	22	4	0,02	0,02	0,02

Fonte: Consello da Cultura Galega

3.2.34.

Espazos naturais protexidos ⁽¹⁾

	Rede Natura 2000		Rede galega de Espazos protexidos		
	LIC	ZEPA	ZEPVN	Parque Natural	Humedal protexido
			(Ha)		
Ortigueira-Mera	3.795		3.868		
Costa Ártabra	7.659		7.546		
Fragas do Eume	9.077		9.127	9.126	
Estaca de Bares	936		852		
Xubia-Castro	1.986		2.074		
Ría de Ortigueira-Ladrido		3.025	3.025		3.025
Costa de Ferrolterra-Valdoviño		4.266	4.266		
Lagoa e Areal de Valdoviño					485

(1) LIC (Lugares de Importancia Comunitaria), ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves), ZEPVN (Zonas de Especial Protección de Valores Naturais)

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente,

3.2.35.

fraestruturas xudiciais na área de Ferrol ascende a 5,3 millóns de euros (datos a novembro de 2014), dos que os investimentos realizados, 2,2 millóns de euros, corresponden case na súa totalidade a obras no edificio dos xulgados de Ferrol e rehabilitación do edificio antigo. Finalmente, no **cadro 3.2.33.** recóllense os principais órganos xudiciais nas tres unidades territoriais da área de Ferrol, así como os recursos humanos cos que conta cada partido xudicial.

Outros equipamentos

No que respecta aos **equipamentos culturais (cadro 3.2.34.)**, Ferrol e os concellos

da súa área de influencia rexistran 1,2 arquivos e bibliotecas por cada 1.000 habitantes, porcentaxe notablemente inferior á media galega que no ano 2015 é de 2,1. Nesta mesma liña, a gran maioría dos indicadores de equipamentos por habitante mostran porcentaxes inferiores na área analizada que a media galega, a excepción do número de cines e de teatros, de xeito que na área de Ferrol hai un cine por cada aproximadamente 15.000 habitantes, fronte aos 20.000 habitantes de media por cine en Galicia.

En Ferrol e na súa área, en torno a trinta mil hectáreas de superficie están incluídas den-

Informe sobre FERROL e a súa área

Equipamentos administrativos autonómicos en Ferrol e área de influencia

Presidencia da Xunta de Galicia	AMTEGA Ferrol Oficina de Turismo de Ferrol
Vicepresidencia e Consellería da Presidencia AA.PP. e Xustiza	Subdirección Territorial de Ferrol do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) Oficina Coordinadora de Ferrol da Xefatura Territorial de A Coruña
Consellería de Facenda	Oficina Liquidadora de Distrito Hipotecario de Ferrol da Axencia Tributaria de Galicia Oficina Liquidadora de Distrito Hipotecario de Ortigueira da Axencia Tributaria de Galicia Oficina Liquidadora de Distrito Hipotecario de Pontedeume da Axencia Tributaria de Galicia
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Sociedade Galega de Residuos Industriais (SOGARISA) en As Somozas Distrito Ambiental I de Ferrol Parques Naturales: Parque Natural As Fragas do Eume
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	IGVS: Oficina de Información, Programación ALUGA en Ferrol Oficina de Rexistro, Habilitación e Fianzas en Ferrol
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Axencia Galega de Innovación: CIS-Ferrol (Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía) Instituto Galego de Consumo: Oficina de Consumo de Ferrol IGAPE: Oficina Territorial de Ferrol IGAPE: Área Plan Ferrol, Eume e Ortegal Xefatura Territorial: Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) en Ferrol Xefatura Territorial: Centro de Formación Ocupacional de Ferrol Xefatura Territorial: Oficina de Emprego de Ferrol Centro e Ferrol-Esteiro Xefatura Territorial: Oficina de Emprego de As Pontes
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Centro Autonómico de Formación e Innovación CAFI e CFRS: Centro de Formación e Recursos de Ferrol Xefatura Territorial: Oficina Local de Ferrol Xefatura Territorial: Oficina de Inspección Educativa de Ferrol
Consellería de Sanidade	Xefatura Territorial: Servizo de Riscos Ambientais: Inspección Farmacéutica Zona de Ferrol Xefatura Territorial: Servizo de Veterinarios: Oficina de Saúde Pública de Ortigueira Xefatura Territorial: Unidade de Inspección e Control Farmacéutico: Inspección Médica Área de Ferrol
Consellería de Política Social	Xefatura Territorial: Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade de Ferrol Servizo de Familia, Infancia e dinamización demográfica: Escolas Infantís de Catabois e Virxe de Chamorro Centro de Menores de Ferrol I Residencia de Maiores de Ferrol Oficina de Información Xuvenil de Ferrol Espazo Xove de Pontedeume Centro Sociocomunitario de As Pontes Centro Sociocomunitario de Fene
Consellería de Medio Rural	Estación Experimental de Gandaría de Montaña de Marco da Curra (Monfero) Oficina Agraria Comarcal de Ferrol Oficina Agraria Comarcal de Pontedeume Oficina Agraria Comarcal de As Pontes Oficina Agraria Comarcal de Ortigueira Distrito Forestal I de Ferrol
Consellería do Mar	Xefatura Territorial: Sección de Coordinación Técnica do Servizo de Recursos Mariños de Ferrol Xefatura Comarcal de Ferrol Confradías de: Ares, Mañón, Cariño e Pontedeume

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Xunta de Galicia

■ 3.2.36.

Equipamentos de servicios públicos estatais en Ferrol e área de influencia

Ministerio de Empleo y Seguridad Social	Instituto Social de la Marina: Registro Auxiliar de Cariño Instituto Social de la Marina: Registro Auxiliar de Cedeira Dirección Local del Instituto Social de la Marina: Registro Auxiliar de Ferrol
Ministerio de Defensa	Área de Patrimonio de la Oficina Delegada de Defensa en Ferrol Instituto Social de las Fuerzas Armadas (ISFAS): Delegación Especial de Ferrol Oficina Delegada de Defensa en Ferrol Registro General de Ferrol
Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas	Administración de la Agencia Estatal de Administración Tributaria en Ferrol Administración de la Agencia Estatal de Administración Tributaria en Ortigueira

Fonte: Elaboración propia a partires de datos de Administración General del Estado

■ 3.2.37.

tro da Rede Natura. É tamén salientable a gran importancia medioambiental do parque natural das Fragas do Eume, con 9.126 ha protexidas (**cadro 3.2.35.**).

O **cadro 3.2.36.** mostra os equipamentos administrativos autonómicos con que conta a área analizada, divididos segundo a consellería da que dependen, e o **cadro 3.2.37.** recolle os equipamentos existentes na zona que cubren servizos públicos de competencia estatal, dependentes dos ministerios de Emprego, Defensa e Facenda e Administracións Públicas. □